

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17992 *Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego.*

I

O presente real decreto lei aborda, como cuestión urxente e prioritaria, a revalorización das pensións e doutras prestacións públicas no ano 2019 de acordo co índice de prezos de consumo previsto (IPC). Tal previsión complementábase, por unha parte, coa previsión de revalorizar o importe das ditas prestacións co incremento do 1,6 por cento respecto do importe que terían en 2018 se se revalorizasen na mesma porcentaxe que o valor medio da variación porcentual interanual do índice de prezos de consumo de cada un dos meses desde decembro de 2017 até novembro de 2018, expresado cun decimal, que en 2018 é do 1,7 por cento. Garantir a revalorización das pensións públicas para manter o seu poder adquisitivo considérase unha medida de extraordinaria e urxente necesidade, tal como exige o artigo 86 da Constitución, que debe abordarse en calquera caso, sen esperar a que se poida aprobar a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019, xa que, de aplicarse a fórmula de revalorización establecida no artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e no artigo 27 da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, as pensións públicas só poderían incrementarse para 2019 o 0,25 por cento, co conseguinte prexuízo para os pensionistas.

Por tanto, en 2019, a revalorización das pensións realizarase de acordo co establecido no artigo 1 do presente real decreto lei e non será de aplicación o disposto nos artigos 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado. Como se establece na disposición adicional primeira, no prazo de seis meses o Goberno adoptará as medidas necesarias para modificar os artigos citados e establecer, no marco do diálogo social e de acordo coas recomendacións da Comisión de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo, un mecanismo de revalorización das pensións que garanta o mantemento do seu poder adquisitivo preservando a sustentabilidade social e financeira do sistema da Seguridade Social.

Como complemento a este título primeiro engádense os anexos I e II. No anexo I recóllense as contías mínimas de pensión, límites e outras pensións públicas para o ano 2019, mentres que no anexo II se recollen as contías para o ano 2018. Resulta imprescindible detallar as contías de 2018, posto que as contías mínimas de pensión non teñen a consideración de pensións, senón importes non consolidables que se lles deberán garantir aos pensionistas que cumpren uns determinados requisitos de rendas. Por iso, o que se revalorizan son as pensións que ten recoñecidas cada pensionista e, posteriormente, se se cumpren os requisitos establecidos, recoñécese un complemento a mínimo até alcanzar a contía mínima correspondente. O complemento non é consolidable. Este feito determina a necesidade de establecer unha táboa de contías mínimas, contías que se incrementan anualmente consonte unha porcentaxe previamente establecida legalmente. No ano 2018 estivo vixente unha táboa de contías mínimas que se debe substituír por esta nova táboa co obxectivo de manter a diferenza de poder adquisitivo que se recoñeceu en 2018.

II

O reto derivado non soamente do mantemento nos seus actuais termos do nivel de protección alcanzado polo noso sistema de Seguridade Social, senón tamén do incremento na intensidade de protección que mediante a presente norma se articula, motiva a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar medidas tendentes a incrementar o nivel de ingresos do sistema co obxecto de soportar o incremento de gasto que isto supón, reforzando para tal efecto o seu necesario equilibrio financeiro.

Débesse ter en conta, como un exemplo destas melloras, que coas medidas agora implementadas se van revalorizar as pensións públicas en maior contía que a que tería correspondido de conformidade coa normativa en vigor.

Por outro lado, froito do diálogo social cos representantes dos diversos colectivos de traballadores autónomos, acométese unha serie de reformas importantes que van afectar este colectivo, de tal modo que, con efectos do 1 de xaneiro de 2019, se vai incrementar o ámbito de protección do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, ao incorporar de modo obrigatorio a totalidade das continxencias que até o momento tiñan carácter voluntario, como a protección por cesamento de actividade e as continxencias profesionais.

Pola súa vez, mellórase a intensidade dalgunha destas coberturas, como a relativa á protección por cesamento de actividade, en que se duplica o período de percepción do seu aboamento respecto do previsto na actualidade, ou faise por conta da dita modalidade de protección o aboamento da cotización por todas as continxencias do traballador por conta propia a partir do día 61 de incapacidade temporal con dereito a prestación económica.

Sen pretender esgotar nesta análise o elenco de medidas que a norma incorpora e que supoñen unha mellora do ámbito protector do sistema, debe mencionarse a extensión aos traballadores por conta propia agraria dos beneficios na cotización da tarifa plana dos traballadores autónomos establecidos nos artigos 31 e 32 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, para cuxo efecto se crean os novos artigos 31 bis e 32 bis na dita norma legal.

Porén, a falta de aprobación da Lei de orzamentos para o ano 2019 vai determinar a prórroga automática dos orzamentos do presente exercicio até a aprobación dos correspondentes ao vindeiro ano, en aplicación da previsión contida no artigo 134.4 da Constitución española, o que motiva a extraordinaria e urxente necesidade de abordar mediante real decreto lei o incremento do tope máximo e das bases máximas e mínimas de cotización dos diferentes réximes do sistema, así como a fixación dos novos tipos de cotización nos casos en que o exixan as modificacións apuntadas, co obxecto de soportar o incremento de gasto que implica a mellora do ámbito protector que esta norma supón, e co fin de asegurar a viabilidade financeira do sistema da Seguridade Social ante a súa situación de déficit e en aplicación do principio de solidariedade en que o dito sistema se fundamenta, ao abeiro do artigo 2.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Neste sentido, debe destacarse o incremento nun 7 por cento do tope máximo de cotización na Seguridade Social e o incremento das bases mínimas de cotización na porcentaxe experimentada para o ano 2019 polo salario mínimo interprofesional, ao redor dun 22 por cento. Esta translación non se efectuou na súa integridade ao colectivo de traballadores autónomos, cuxas bases mínimas se incrementan nun 1,25 por cento, o que está xustificado polos acordos a que se chegou neste sentido coas entidades máis representativas do sector en canto se modifica de modo substancial a forma en que se determina a cotización neste réxime especial da Seguridade Social, que se efectúa en función das bases elixidas polos interesados e que, tras a anunciada modificación, vai estar determinada polo importe dos ingresos realmente percibidos, en concordancia co previsto para o efecto no réxime xeral da Seguridade Social.

A necesidade, por tanto, de reforzar a estabilidade e solidez financeira do sistema ante os retos a que se enfronta e abordar as importantes melloras descritas no ámbito protector son circunstancias que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución para aprobar o incremento do tope máximo de cotización e das bases máximas e mínimas de cotización dos diferentes réximes do sistema, así como a fixación dos tipos de cotización mediante o presente real decreto lei.

III

Por outra parte, a necesidade de loitar contra a precariedade no emprego, e máis concretamente contra o abuso na subscrición de contratos temporais de curta duración, require a adopción de medidas urxentes, xa que se detectou un importante incremento neste tipo de contratación nos últimos anos e, por iso, desde a perspectiva da Seguridade Social, preténdese, por un lado, equiparar a protección social dos traballadores que subscriben este tipo de contratos con aqueles que puideron subscribir un contrato de traballo cunha duración máis ampla e, por outro, incrementar as cotizacións nestes contratos como medida disuasoria para o empresario.

Para tal efecto, modifícase o artigo 151 da Lei xeral da seguridade social co obxectivo de elevar o incremento na cotización pola subscrición deste tipo de contratos até o 40 por cento.

Esta medida vai ter unha incidencia positiva nos ingresos do sistema da Seguridade Social, xa que implicará unha maior recadación, á vez que pode ser desincentivadora para que o empresario recorra a este tipo de contratos. Este incremento de ingresos xustifica tamén a adopción desta medida mediante un real decreto lei, xa que o importante déficit que mantén o sistema da Seguridade Social require a aprobación de medidas urxentes que incrementen a recadación.

Pola súa vez, este incremento na cotización vai ligado a unha mellora da protección social destes traballadores, mediante a introdución dun novo artigo 249 bis na citada norma, para aplicar aos días efectivamente traballados e cotizados un «coeficiente de temporalidade», que se corresponde co incremento na cotización antes sinalado, e que permite ao traballador reunir un maior número de días en alta para o acceso ás prestacións do sistema da Seguridade Social.

IV

Un dos grandes bloques de medidas na orde social que prevé o presente real decreto lei é o referente ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos da Seguridade Social.

O traballo autónomo constitúese como peza fundamental no mercado de traballo, xera riqueza e eríxese como elemento clave na creación de emprego no noso país. Por este motivo, coa finalidade de estimular e reforzar o incremento dos fluxos de entrada no mercado de traballo e a actividade emprendedora dos traballadores por conta propia, incorporouse a través da presente norma unha serie de beneficios na cotización.

Por outro lado, tamén se valoraron as especiais singularidades que outorgan a este réxime especial unha consideración diferenciada. Por iso, existe conciencia de que a relación coa Seguridade Social dos traballadores autónomos debe ser conforme as ditas singularidades.

Baixo esa perspectiva, valorouse que a relación dos traballadores autónomos coa Seguridade Social debe evolucionar cara a unha maior protección da súa actividade e das continxencias que poidan sobreir no seu exercicio. Por iso, outorgouse unha protección destes traballadores para todas as continxencias previsibles, xa sexan comúns ou profesionais. Desta maneira tamén se abre o abano de prestacións a que teñen acceso os traballadores autónomos, determinando unha maior acción protectora que agora se estende de forma obrigatoria á cobertura das enfermidades profesionais e dos accidentes de traballo.

Esta cobertura, agora ampliada, artículase a través da xestión realizada polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, que son elemento esencial na relación de aseguramento e cobertura dos traballadores autónomos.

Todo isto, en consecuencia, vai determinar unha aproximación entre este réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social e o réxime xeral da Seguridade Social.

Así mesmo, é destacable o avance na loita contra a utilización indebida da figura do traballador autónomo, potenciando as ferramentas que permitan un maior control por parte dos organismos públicos competentes. Neste ámbito, refórzase a loita contra o uso fraudulento da figura do traballador autónomo mediante a inclusión dun novo tipo de infracción grave, coa súa correspondente sanción, que penaliza esta conduta.

En consecuencia co anterior, con estas medidas pretendeuse avanzar na protección destes traballadores e apoiar o desenvolvemento da súa actividade emprendedora, nos termos máis adecuados para o dito colectivo. Por todo o exposto, queda xustificada a extraordinaria e urxente necesidade da adopción destas medidas.

V

As medidas relativas á Seguridade Social contidas no título I complétanse coas recollidas en diversas disposicións da parte final deste real decreto lei.

Así, en canto ás disposicións adicionais, considérase de extraordinaria e urxente necesidade aprobar a disposición adicional segunda, que apraza, como se veu facendo nas leis de orzamentos xerais do Estado, a entrada en vigor de determinados artigos da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, en todo o relativo aos traballadores por conta propia que exerzan a súa actividade a tempo parcial, debido a que aínda non se puideron determinar, mediante os pertinentes estudos que está a realizar a Administración, cales poderían ser as condicións necesarias que permitan estender a tales traballadores a normativa reguladora do traballo a tempo parcial que, por estar prevista para traballadores por conta allea que dependen dun empresario, non é extensible directamente aos traballadores por conta propia, polo que a entrada en vigor destes preceptos podería provocar graves problemas para a súa aplicación.

A aprobación da disposición adicional terceira resulta indispensable e de extraordinaria e urxente necesidade para a sustentabilidade financeira do sistema da Seguridade Social, por canto suspende, para as cotizacións que se xeren durante o ano 2019, o sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais por diminución da sinistralidade laboral ás empresas que diminúisen de maneira considerable a sinistralidade laboral, regulada no Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, unha vez comprobadas as distorsións e desproporcionada diminución de ingresos que as modificacións introducidas polo dito real decreto xeran respecto da cotización por continxencias profesionais. Ademais, durante o ano 2019 reformarase o real decreto antes citado.

Tamén se considerou unha medida de extraordinaria e urxente necesidade a recollida na disposición adicional cuarta, sobre cotización no sistema especial para manipulación e empaquetado do tomate fresco con destino á exportación, dentro do réxime xeral da Seguridade Social, cuxa finalidade é incrementar os ingresos do sistema. A este respecto, este sistema especial goza desde hai máis de corenta anos dun sistema privilexiado de cotización e claramente deficitario, que carece xa de xustificación, polo que resultaba necesario actualizalo desde había tempo, pero esa necesidade convértese agora en extraordinaria e urxente porque deben compensarse os incrementos de gasto xerados polas melloras introducidas mediante este real decreto lei.

Tras advertir que a actividade consistente en participar en programas de formación, a realización de prácticas non laborais en empresas e a realización de prácticas académicas externas ao abeiro da respectiva regulación legal e regulamentaria non daba lugar á inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que participan en tales programas e realizan esas prácticas, a disposición adicional quinta determina a súa inclusión nel, dentro do réxime xeral da Seguridade Social, como asimiladas a traballadores por conta allea, para pór fin á súa situación de desprotección, o que xustifica a súa aprobación por razóns de extraordinaria e urxente necesidade.

Por último, a disposición adicional sexta establece as especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros do corpo da Ertzaintza, incrementando a partir do 1 de xaneiro de 2019 o tipo de cotización adicional establecido a ese obxecto ao 9,90 por cento. Non proceder ao dito incremento suporía un prexuízo para as contas do sistema, o que, unido á exixencia de compensar os incrementos de gasto que producen as medidas sociais que establece este real decreto lei, fai que a aprobación desta disposición se xustifique por razóns de extraordinaria e urxente necesidade.

VI

O título II do real decreto lei e varias disposicións da parte final introducen diversas medidas urxentes en materia laboral e de emprego.

En relación coa protección por desemprego, régúlase nesta norma unha medida de carácter social que ten como destinatarios os traballadores eventuais agrarios afectados polo descenso de actividade provocado polas chuvias torrenciais acaecidas en determinadas zonas da Comunidade Autónoma de Andalucía, mediante a redución a vinte do número de xornadas necesarias para o acceso ao subsidio por desemprego recollido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, así como á renda agraria regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, paliando así os efectos negativos dos ditos acontecementos na protección social dos traballadores. Esta redución do número de xornadas necesario para o acceso ao subsidio por desemprego e á renda agraria aplícase ás provincias da Comunidade Autónoma de Andalucía definidas no Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2018, polo que se declaran as provincias de Málaga, Sevilla, Cádiz, Valencia, Castelló, Tarragona, Teruel e a Comunidade Autónoma das Illes Balears como «zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil», como consecuencia das chuvias torrenciais e desbordamentos de torrentes acaecidos os pasados días 18, 19, 20 e 21 de outubro de 2018. A medida tamén é de aplicación a aqueles traballadores que, residentes en Andalucía, non residan nas provincias de Sevilla, Cádiz ou Málaga, sempre que acrediten a realización de xornadas agrarias nas citadas provincias.

A extraordinaria e urxente necesidade desta medida procede da concorrencia dunha causa de forza maior, derivada de circunstancias climatolóxicas extremas. Estas circunstancias obrigan a adoptar medidas excepcionais e urxentes para evitar situacións de desprotección dos traballadores como consecuencia da diminución da necesidade de man de obra nas zonas afectadas. Trátase, polo demais, dunha medida que segue os precedentes para este tipo de situacións xa abordadas nos reais decretos lei 10/2005, do 20 de xuño, 2/2010, do 19 de marzo, 1/2013, do 25 de xaneiro, e 1/2015, do 27 de febreiro, que recoñecían a redución do número mínimo de xornadas realizadas para acceder ás prestacións sinaladas.

O real decreto lei contén, así mesmo, dúas disposicións en relación co salario mínimo interprofesional. Dado que o salario mínimo interprofesional se incrementará en 2019 nun 22,3 por cento respecto da contía vixente en 2018, resulta necesario introducir, por un lado, regras específicas de afectación nos convenios colectivos que o utilizan como referencia para determinar a contía ou o incremento do salario base ou de complementos salariais; e, por outro lado, unha habilitación legal que dea cobertura a disposicións regulamentarias dirixidas a desvincular do dito incremento as normas non estatais e os negocios xurídicos de natureza privada vixentes no momento da entrada en vigor deste incremento. Ao mesmo tempo, posto que este aumento do salario mínimo entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019, a introdución destas dúas disposicións resulta de extraordinaria e urxente necesidade.

Dentro do bloque dos posibles contidos convencionais, prevese unha medida adecuada para restablecer o papel protagonista da negociación colectiva e a maior liberdade dos suxeitos negociadores. Esta consiste en reinstaurar a capacidade dos convenios colectivos de establecer xubilacións obrigatorias por idade, recuperando un instrumento coñecido na nosa lexislación laboral que se considera idóneo para favorecer obxectivos de política de emprego nas empresas. Neste sentido, a disposición permitirá o rexuvenecemento dos cadros de persoal, dado que os contratos extinguidos serán substituídos, en certas condicións legais, por novas contratacións de desempregados ou por transformacións de temporais en indefinidos ou de traballadores contratados a tempo parcial por contratacións a tempo completo. Isto é, non se trata dunha posibilidade indiscriminada, senón de recoñecer unha capacidade convencional sometida a condicións de política de emprego nas empresas ou sectores que asuman tal estratexia.

No IV Acordo para o emprego e a negociación colectiva, subscrito polas asociacións empresariais CEOE e CEPYME e as organizacións sindicais UGT e CC.OO. o 5 de xullo de 2018, as organizacións asinantes instaron a Administración laboral a promover os

cambios legais necesarios para habilitar que a negociación colectiva prevexa cláusulas de xubilación obrigatoria por idade ligadas a obxectivos de política de emprego e remuda xeracional. Sen prexuízo de recoñecer legalmente con carácter xeral o carácter voluntario para o traballador do acceso á xubilación unha vez que se cumpran os requisitos necesarios, considerouse oportuno permitir que a negociación colectiva dispoña desta causa de extinción do contrato de traballo por cumprimento da idade legal de xubilación, nas condicións referidas, actuando o réxime legal como subsidiario das previsións establecidas en convenio colectivo. Trátase, ademais, dunha proposta debatida e acordada cos interlocutores sociais na Mesa de Diálogo Social polo Emprego.

A introdución da medida neste real decreto lei trata de dar resposta á situación actual do emprego da mocidade en España, que demanda accións inmediatas, pois a taxa de desemprego no colectivo de menores de 30 anos é superior ao 25 por cento, fronte ao 14,55 por cento actual de taxa de paro xeral. Isto supón que case un millón de mozos están desempregados. Esta situación demanda a adopción de medidas inmediatas para reducir a fenda xeracional en relación co emprego e a asimetría entre España e os países da nosa contorna. Neste sentido, a habilitación para o establecemento dunha idade de xubilación obrigatoria convencional alíñase con outras medidas adoptadas polo Goberno, en particular co Plan de choque polo emprego da mocidade 2019-2021, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 7 de decembro de 2018, que inclúe, entre a súa extensa batería de medidas, o impulso dos programas de formación e transmisión de coñecemento a través do contrato de remuda. Así, a habilitación legal para que os convenios colectivos poidan establecer unha idade de xubilación obrigatoria vinculada a obxectivos de política de emprego eríxese como un instrumento adecuado para impulsar a remuda xeracional no mercado de traballo, dando solución, ao menos en parte, á urxente situación do desemprego entre o colectivo dos menores de 30 anos.

Por outro lado, dado que a taxa de paro en España baixou ao 14,55 por cento, segundo a última enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística, correspondente ao terceiro trimestre de 2018, onde por primeira vez desde 2008 a taxa de desemprego descende por debaixo do 15 por cento, faise imprescindible actuar sobre as medidas laborais, aspectos vinculados á contratación laboral e outras iniciativas de ámbito laboral que no noso marco normativo condicionan a súa aplicación á diminución da taxa de paro por debaixo do referido 15 por cento.

Para garantir a seguranza xurídica e evitar a incerteza de empresarios e traballadores sobre a vixencia das ditas medidas, resulta preciso efectuar as necesarias modificacións normativas para suprimir os tipos de contrato de traballo ou aqueles aspectos da súa regulación que se viron afectados polo descenso da taxa de desemprego por debaixo do 15 por cento. En primeiro lugar, o contrato indefinido de apoio aos emprendedores, regulado no artigo 4 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e no punto 2 da súa disposición transitoria novena. En segundo lugar, a posibilidade de subscribir contratos para a formación e a aprendizaxe con traballadores menores de trinta anos sen que sexa de aplicación o límite máximo de idade establecido no parágrafo primeiro do artigo 11.2.a) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, de acordo co disposto no vixente punto 1 da disposición transitoria segunda do dito texto refundido. En terceiro lugar, as medidas establecidas nos artigos 9 a 13 e na disposición transitoria primeira da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, que afectan o contrato a tempo parcial con vinculación formativa, contratación indefinida dun mozo por microempresas e empresarios autónomos, contratación en novos proxectos de emprendemento mozo, contrato de primeiro emprego da mocidade e incentivos para os contratos en prácticas.

Estas modalidades contractuais e medidas deben entenderse decaídas no futuro polas razóns expostas, polo que é necesario proceder á súa derogación expresa, así como introducir as disposicións transitorias necesarias para manter a vixencia daqueles contratos que se subscribisen con anterioridade ao abeiro da normativa vixente no momento da súa subscrición.

A extraordinaria e urxente necesidade destas medidas deriva da situación de grave inseguranza xurídica producida tras o descenso da taxa de desemprego por debaixo do 15 por cento, que obriga á urxente corrección da situación de incerteza provocada co fin de restaurar a imprescindible confianza de empresas e traballadores no mercado de traballo.

O descenso da taxa de desemprego non afecta soamente as materias que se acaban de sinalar, senón tamén a vixencia do subsidio extraordinario de desemprego regulado na disposición vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, incorporada a este pola Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018. En efecto, de acordo co disposto no seu punto sétimo, a disposición ten unha vixencia de seis meses a partir da data da súa entrada en vigor, e prorrogarase de forma automática por períodos semestrais, até que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15 por cento segundo a última enquisa de poboación activa publicada con anterioridade á data da prórroga.

A adopción deste subsidio de carácter extraordinario e temporal veu aconsellada pola necesidade de non deixar desprotexidas as persoas que potencialmente poderían participar nos programas de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego (Prepara) e de activación para o emprego (PAE), que o pasado 30 de abril deixaron de admitir novos beneficiarios ao non seren prorrogados, así como pola necesidade de que o Goberno e os interlocutores sociais dispuxesen dun prazo de tempo suficiente para abordar, no marco do diálogo social, unha modificación da protección por desemprego de nivel asistencial, racionalizando e simplificando o actual sistema.

En consecuencia, o Goberno asume o compromiso de presentar un novo modelo de protección por desemprego asistencial nos catro primeiros meses de 2019, que substitúa o até agora vixente modelo complexo, disperso e ineficaz. Xunto a iso, e co obxecto de asegurar a cobertura até a adopción do novo modelo de protección, elimínase o carácter temporal do subsidio extraordinario de desemprego, a través da derogación do punto 7 da disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. A xustificación desta disposición explícase porque, de non se adoptar esta medida, e unha vez finalizado o período inicial de vixencia do subsidio extraordinario, se produciría a desprotección das persoas potencialmente beneficiarias. Por iso, resulta imprescindible modificar con urxencia esta disposición co fin de garantir transitoriamente a súa vixencia mentres non se aproben as modificacións do nivel asistencial da protección por desemprego que se pretenden realizar no marco do diálogo social.

A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, na súa disposición adicional centésimo vixésima, regulou unha medida de activación e inserción laboral de mozos beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil. Esta medida consiste nunha axuda económica de acompañamento dirixida a activar e inserir aqueles mozos menores de 30 anos con niveis formativos baixos que participen no Sistema nacional de garantía xuvenil e inicien unha acción formativa a través dun contrato para a formación e a aprendizaxe que lles permita a adquisición de competencias profesionais. Así mesmo, como un incentivo adicional, a disposición adicional centésimo vixésimo primeira da dita Lei 6/2018 estableceu unha medida de activación e inserción laboral de mozos beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil, consistente nunha bonificación específica nas cotas empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social para incentivar a conversión en indefinidos dos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos con mozos que percibisen a axuda económica de acompañamento prevista na disposición adicional centésimo vixésima.

Tras entrar en vigor o día 4 de agosto de 2018, detectouse que esta axuda de acompañamento non resultou eficaz, tanto polo número de solicitudes presentadas até a data como pola terxiversación que introduciu no marco das relacións laborais das empresas, que leva á paradoxal situación de recoñecer un maior salario aos aprendices acollidos a esta medida respecto daqueles que tutelan a súa actividade profesional. Por iso, procédese á súa derogación. En coherencia co anterior, derrógase tamén a medida consistente en bonificacións pola conversión en indefinidos destes contratos.

A extraordinaria e urxente necesidade de adoptar esta medida vén determinada por unha serie de circunstancias, entre as cales se inclúen, en primeiro lugar, a garantía da imprescindible seguranza xurídica, debido aos conflitos suscitados coas comunidades autónomas en relación co encaixe da medida referida no marco competencial fixado en materia de política de emprego; e, en segundo lugar, polo seu referido efecto negativo na fixación dos salarios no ámbito da negociación colectiva, que implica que, segundo se acaba de anticipar, os perceptores da dita axuda de acompañamento presenten mellores condicións salariais que os titores asignados no marco do seu contrato de formación e aprendizaxe no seo dos centros de traballo.

VII

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para introducir estas modificacións no ordenamento, débense ter en conta dous aspectos referidos ás materias vedadas a este instrumento normativo e á concorrencia dos orzamentos habilitantes que xustifican a utilización desta clase de norma. En relación cos primeiros, como sinala o artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos lei «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». No caso do presente real decreto lei non se realiza afectación ningunha a calquera destas materias.

En relación coa concorrencia dos presupostos habilitantes de extraordinaria e urxente necesidade, debe terse en conta a doutrina do noso Tribunal Constitucional, resumida no fundamento xurídico IV da Sentenza 61/2018, do 7 de xuño de 2018. Conforme esta requírense, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que tivo en conta o Goberno na súa aprobación», é dicir, o que se denomina situación de urxencia; e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala». Como sinala o Tribunal Constitucional, xeralmente «veuse admitindo o uso do decreto lei en situacións que se cualificaron como «conxunturas económicas problemáticas», para cuxo tratamento representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para acadar o fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro que remediar «situacións concretas dos obxectivos gobernamentais que por razóns difíciles de prever requirían unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis» (SSTC 31/2011, do 17 de marzo, FX 4; 137/2011, do 14 de setembro, FX 6, e 100/2012, do 8 de maio, FX 8). Finalmente, tamén se debe advertir que o feito de que se considere unha reforma estrutural non impide, por si soa, a utilización da figura do decreto lei, pois o posible carácter estrutural do problema que se pretende atallar non exclúe que o dito problema se poida converter nun momento dado nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade que xustifique a aprobación dun decreto lei, o que deberá ser determinado atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso (STC 137/2011, FX 6; reiterado en SSTC 183/2014, FX 5; 47/2015, FX 5, e 139/2016, FX 3)».

Este real decreto lei adécuase, igualmente, aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que o principio de necesidade quedou sobradamente xustifico «supra».

No que concirne aos principios de seguranza xurídica, proporcionalidade e eficacia, debe destacarse que a modificación se limita estritamente a abordar de forma puntual, precisa e clara este aspecto mediante a mellor alternativa posible, a aprobación dun real decreto lei, dado o rango legal exixible e a urxente necesidade xa referida. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación está exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información pública. Finalmente, respecto do principio de eficiencia, este real decreto lei non impón cargas administrativas.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Revalorización de pensións públicas e outras medidas de orde social

CAPÍTULO I

Das pensións e axudas públicas

Artigo 1. *Normas sobre determinación e revalorización de pensións e outras prestacións públicas.*

Mentres non se aprobe a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, o contido do título IV e das disposicións adicionais concordantes da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, así como das súas disposicións de desenvolvemento, mantén a súa vixencia en 2019 coas modificacións e excepcións que a continuación se establecen:

1. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, así como de clases pasivas do Estado, experimentarán en 2019 un incremento do 1,6 por cento respecto do importe que terían en 2018 se se revalorizasen na mesma porcentaxe que o valor medio da variación porcentual interanual do índice de prezos de consumo de cada un dos meses desde decembro de 2017 até novembro de 2018, expresado cun decimal, que en 2018 é do 1,7 por cento, todo isto sen prexuízo das excepcións e especialidades contidas nos números seguintes deste artigo e respectando os importes de garantía das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial de guerra que figuran no número 5.

Tamén se incrementarán segundo o disposto no parágrafo anterior os importes dos haberes reguladores aplicables para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e das pensións especiais de guerra. O límite máximo establecido para a percepción de pensións públicas para 2019 será de 2.659,41 euros mensuais ou 37.231,74 euros anuais.

2. Os importes das pensións mínimas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas, das pensións non contributivas e do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI) non concorrentes, así como as pensións do SOVI concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, das prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo con dezaioito ou máis anos e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte incrementaranse en 2019 nun 3 por cento sobre as novas contías mínimas de pensión correspondentes ao ano 2018. Estas novas contías mínimas de 2018 son o resultado de aplicar, ás contías mínimas percibidas en 2018, a actualización correspondente pola diferenza entre a revalorización xeral en 2018 do 1,6 por cento e a que correspondería aplicar segundo a regra prevista no número 1 deste artigo, que é o 1,7 por cento.

3. A contía do límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos para mínimos e das prestacións familiares da Seguridade Social por fillo ou menor a cargo e por familia numerosa experimentará un incremento do 3 por cento sobre a contía vixente en 2018.

4. O importe das prestacións económicas de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas e das recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, pola que se recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe

española desprazados ao estranxeiro durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional, así como os importes mensuais das axudas sociais recoñecidas en favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nas alíneas b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público, incrementarase nun 1,6 por cento sobre a súa contía en 2018 se se ten en conta a actualización correspondente pola diferenza entre a revalorización xeral en 2018 do 1,6 por cento e a que correspondería aplicar segundo a regra prevista no número 1 deste artigo, que é o 1,7 por cento.

5. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de familiares de falecidos como consecuencia da Guerra Civil, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra excombatentes da zona republicana, con excepción das pensións causadas polo persoal non funcionario en favor de orfos non incapacitados, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que durante a guerra civil formaron parte das Forzas Armadas e de orde pública e corpo de carabineiros da República, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Así mesmo, as pensións en favor de causantes recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento.

6. As pensións aboadas con cargo aos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, non indicadas nos parágrafos anteriores experimentarán no ano 2019 o incremento que de ser o caso proceda, segundo a súa normativa reguladora, sobre as contías que terían percibido en 31 de decembro de 2018 se se tivese en conta a actualización correspondente pola diferenza entre a revalorización xeral en 2018 do 1,6 por cento e a que correspondería aplicar segundo a regra prevista no número 1 deste artigo, que é o 1,7 por cento.

7. Quedan exceptuadas do incremento establecido no número 1 as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, cuxo importe íntegro mensual, sumado, de ser o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular exceda o límite mensual de percepción das pensións públicas establecido no anexo I deste real decreto lei.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, sobre pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións reguladas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, que se adaptarán aos importes que correspondan conforme a súa lexislación propia.

c) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percibise esta pensión como tal legoeiro.

d) As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez cando entren en concorrencia con outras pensións públicas, excepto cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou con algunha destas

pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez. Para estes efectos, non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que sexa a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes e as do citado seguro obrigatorio de velez e invalidez, unha vez revalorizadas aquelas, sexa inferior á contía fixada en 2019 para a pensión de tal seguro non concorrente, calculadas unhas e outras en cómputo anual, a pensión do seguro obrigatorio de velez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

e) As pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado que, en 31 de decembro de 2018, xa alcanzasen as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

f) As pensións das mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social referidas no artigo 40.dous da Lei 6/2018, do 4 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

8. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, número un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cando fosen causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2013, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2019 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2018, do 20 por cento da diferenza entre a contía correspondente ao 31 de decembro de 1978 –ou de tratarse do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical, ao 31 de decembro de 1977– e a que correspondería en 31 de decembro de 1973.

9. Para efectos do disposto neste artigo, as contías das pensións e prestacións públicas e límites de ingresos aplicables en 2019 serán as que figuran no anexo I.

Artigo 2. *Mantemento do poder adquisitivo das pensións.*

1. Os perceptores de pensións do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas que fosen revalorizadas en 2018 recibirán, antes do 1 de abril de 2019 e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a pensión percibida en 2018 e a que correspondería de lles ter aplicado ás ditas pensións o incremento que experimentou o valor medio da variación porcentual interanual do índice de prezos de consumo producida en cada un dos meses desde decembro de 2017 até novembro de 2018, expresado cun decimal, que foi do 1,7 por cento.

Para estes efectos, o límite de pensión pública durante o ano 2018 será de 2.617,53 euros mensuais ou de 36.645,47 euros anuais.

O previsto no parágrafo primeiro será igualmente de aplicación aos pensionistas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas, con pensións causadas durante 2018, que percibisen a contía correspondente ao límite máximo de percepción das pensións públicas fixado para o citado ano. De igual modo, será de aplicación aos beneficiarios no dito exercicio das axudas sociais polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e das recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo.

Así mesmo, serán de aplicación as regras precedentes respecto das pensións de clases pasivas, con data inicial de aboamento durante 2018, para cuxa determinación se tivesen en conta haberes reguladores susceptibles de actualización no mencionado exercicio.

2. Os pensionistas perceptores durante 2018 de pensións mínimas, pensións non contributivas da Seguridade Social, de pensións do seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI) non concorrentes, así como concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, os perceptores de prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo con 18 ou máis anos de idade e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100, e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte recibirán, antes do 1 de abril de 2019 e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a pensión percibida no ano 2018 e a que correspondería de aumentar a dita contía percibida co valor medio real da variación porcentual interanual do índice de prezos de consumo producida en cada un dos meses desde decembro de 2017 até novembro de 2018, expresado cun decimal, que foi do 1,7 por cento, unha vez deducido deste un 1,6 por cento.

3. Para a determinación inicial das pensións de clases pasivas con data de efectos económicos de 2018, os valores consignados no título IV da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, incrementaranse segundo o disposto no artigo 1.1.

CAPÍTULO II

Da cotización á Seguridade Social

Artigo 3. Actualización do tope máximo e das bases máximas de cotización no sistema da Seguridade Social.

Durante o ano 2019, a contía do tope máximo da base de cotización á Seguridade Social naqueles réximes que o teñan establecido e das bases máximas de cotización aplicables en cada un deles establécese en 4.070,10 euros mensuais.

Artigo 4. Cotización no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

Conforme o previsto na disposición transitoria décimo sexta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, na redacción dada por este real decreto lei, neste sistema especial as bases de cotización serán, a partir do 1 de xaneiro de 2019, as seguintes:

1. As bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse de conformidade coa seguinte escala:

Tramo	Retribución mensual – Euros/mes	Base de cotización – Euros/mes	Máximo horas traballadas
1.º	Até 240,00.	206,00	34
2.º	Desde 240,01 até 375,00.	340,00	53
3.º	Desde 375,01 até 510,00.	474,00	72
4.º	Desde 510,01 até 645,00.	608,00	92
5.º	Desde 645,01 até 780,00.	743,00	111
6.º	Desde 780,01 até 914,00.	877,00	130
7.º	Desde 914,01 até 1.050,00.	1.050,00	160
8.º	Desde 1.050,01 até 1.144,00.	1.097,00	160
9.º	Desde 1.144,01 até 1.294,00.	1.232,00	160
10.º	Desde 1.294,01.	Retribución mensual	160

Para efectos de determinar a retribución mensual do empregado de fogar, o importe percibido mensualmente deberá ser incrementado, conforme o establecido no artigo 147.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, coa parte proporcional das pagas extraordinarias que teña dereito a percibir o empregado.

2. Durante o exercicio de 2019 será aplicable unha redución do 20 por 100 na achega empresarial á cotización á Seguridade Social por continxencias comúns neste sistema especial.

Serán beneficiarios da dita redución os empregadores que contratasen, baixo calquera modalidade contractual, e desen de alta no réxime xeral un empregado de fogar a partir do 1 de xaneiro de 2012, sempre e cando o empregado non figurase de alta no réxime especial de empregados de fogar a tempo completo, para o mesmo empregador, dentro do período comprendido entre o 2 de agosto e o 31 de decembro de 2011.

Esta redución de cotas ampliarase cunha bonificación até chegar ao 45 por 100 para familias numerosas, nos termos previstos no artigo 9 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Estes beneficios na cotización á Seguridade Social por conta do empregador non serán de aplicación nos supostos en que os empregados de fogar que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador asuman o cumprimento das obrigacións en materia de encadramento, cotización e recadación no dito sistema especial, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 5. Cotización no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

1. Base de cotización por continxencias tanto comúns como profesionais durante os períodos de actividade:

A partir do 1 de xaneiro de 2019, as bases mensuais aplicables para os traballadores incluídos neste sistema especial que presten servizos durante todo o mes determinaranse conforme o establecido no artigo 147 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con aplicación das seguintes bases máxima e mínima:

a) As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, incrementaranse, desde o día 1 de xaneiro de 2019, e respecto das vixentes en 31 de decembro de 2018, na mesma porcentaxe en que aumente o salario mínimo interprofesional.

b) As bases máximas, calquera que sexa a categoría profesional e grupo de cotización, a partir do 1 de xaneiro de 2019 serán de 4.070,10 euros mensuais.

Cando os traballadores inicien ou finalicen a súa actividade sen coincidir co principio ou fin dun mes natural, sempre que a dita actividade teña unha duración de, ao menos, trinta días naturais consecutivos, esta modalidade de cotización realizarase con carácter proporcional aos días en que figuren de alta neste sistema especial durante o mes.

2. Durante o ano 2019, os importes das bases diarias de cotización por xornadas reais tanto por continxencias comúns como profesionais correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen labores agrarios por conta allea, e respecto aos cales non se optase pola modalidade de cotización prevista no número anterior, determinaranse conforme o establecido no artigo 147 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con aplicación das seguintes bases máxima e mínima:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas diarias de cotización – Euros	Bases máximas diarias de cotización – Euros
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores.	63,76	176,96
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados.	52,87	176,96
3	Xefes administrativos e de taller.	45,99	176,96
4	Axudantes non titulados.	45,65	176,96

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas diarias de cotización – Euros	Bases máximas diarias de cotización – Euros
5	Oficiais administrativos.	45,65	176,96
6	Ordenanzas.	45,65	176,96
7	Auxiliares administrativos.	45,65	176,96
8	Oficiais de primeira e segunda.	45,65	176,96
9	Oficiais de terceira e especialistas.	45,65	176,96
10	Peóns.	45,65	176,96
11	Traballadores menores de 18 anos.	45,65	176,96

Cando se realicen no mes natural 22 ou máis xornadas reais, a base de cotización correspondente a elas será a establecida no número 1 deste artigo.

3. Durante o ano 2019, o importe da base mensual de cotización aplicable para os traballadores por conta allea incluídos neste sistema especial, durante os períodos de inactividade, será o establecido para a base mínima por contingencias comúns correspondente ao grupo 7 da escala de grupos de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.

Para estes efectos, entenderase que existen períodos de inactividade dentro dun mes natural cando o número de días naturais en que o traballador figure de alta no sistema especial no dito mes sexa superior ao número de xornadas reais nel multiplicado por 1,3636.

O número de días de inactividade do mes é a diferenza entre os días en alta laboral no mes e o número de xornadas reais no mes multiplicadas por 1,3636.

A cotización polos días de inactividade no mes é o resultado de multiplicar o número de días de inactividade no mes pola base de cotización diaria correspondente e polo tipo de cotización aplicable.

4. Os tipos aplicables á cotización dos traballadores por conta allea incluídos neste sistema especial durante o ano 2019 serán os seguintes:

a) Durante os períodos de actividade:

Para a cotización por contingencias comúns, respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o 28,30 por cento, do cal o 23,60 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

Respecto aos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 a 11, o 23,80 por cento, do cal o 19,10 por cento será por conta da empresa e o 4,70 por cento por conta do traballador.

Para a cotización por contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse os tipos da tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, na redacción dada por este real decreto lei, e as primas resultantes serán por conta exclusiva da empresa.

b) Durante os períodos de inactividade, o tipo de cotización será o 11,50 por cento e a cotización resultante será por conta exclusiva do traballador.

5. Durante o ano 2019 aplicaranse as seguintes reducións nas achegas empresariais á cotización a este sistema especial durante os períodos de actividade con prestación de servizos:

a) Na cotización respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, aplicarase unha redución de 8,10 puntos porcentuais da base de cotización, do que resultará un tipo efectivo de cotización por contingencias comúns do 15,50 por cento.

En ningún caso a cota empresarial resultante será superior a 279,00 euros ao mes ou 12,68 euros por xornada real traballada.

b) Na cotización respecto aos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, a redución axustarase á seguinte regra:

Para bases mensuais de cotización a fórmula aplicable será:

$$\% \text{ redución mes} = 7,20 \% \times \left(1 + \frac{\text{Base mes} - 986,70}{\text{Base mes}} \times 2,52 \times \frac{6,15 \%}{7,20 \%} \right)$$

Para bases de cotización por xornadas reais a fórmula aplicable será:

$$\% \text{ redución xornada} = 7,20 \% \times \left(1 + \frac{\text{Base xornada} - 42,90}{\text{Base xornada}} \times 2,52 \times \frac{6,15 \%}{7,20 \%} \right)$$

Non obstante, a cota empresarial resultante non poderá ser inferior a 88,15 euros mensuais ou 4,01 euros por xornada real traballada.

6. Durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como de maternidade e paternidade causadas durante a situación de actividade, a cotización efectuarase en función da modalidade de contratación dos traballadores:

a) Respecto dos traballadores agrarios con contrato indefinido, a cotización durante as referidas situacións rexerese polas normas aplicables con carácter xeral no réxime xeral da Seguridade Social.

O tipo resultante aplicable será:

1.º Para os traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o tipo do 15,50 por cento, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

2.º Para os traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, o tipo do 2,75 por cento, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

Para todos os traballadores, calquera que sexa o seu grupo de cotización, na cotización por desemprego aplicarase unha redución na cota equivalente a 2,75 puntos porcentuais da base de cotización.

b) Respecto dos traballadores agrarios con contrato temporal e fixo discontinuo, resultará de aplicación o establecido na alínea a) en relación cos días contratados en que non puidesen prestar os seus servizos por encontrarse nalgunha das situacións antes indicadas.

En canto aos días en que non estea prevista a prestación de servizos, estes traballadores estarán obrigados a ingresar a cotización correspondente aos períodos de inactividade, excepto nos supostos de percepción dos subsidios por maternidade e paternidade, que terán a consideración de períodos de cotización efectiva para efectos das correspondentes prestacións por xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia.

7. Durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, se corresponde cotizar neste sistema especial, o tipo de cotización será o 11,50 por cento.

8. Con relación aos traballadores incluídos no sistema especial, non resultará de aplicación a cotización adicional por horas extraordinarias a que se refire o artigo 130. dous.3 da Lei 6/2018, do 3 de xullo.

Artigo 6. Actualización das bases mínimas e outros límites de cotización dos traballadores por conta propia no sistema da Seguridade Social.

1. Durante o ano 2019, as contías das bases mínimas de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos incrementaranse nun 1,25 por cento respecto das vixentes no ano 2018, e a contía da base mínima aplicable establecerase con carácter xeral en 944,40 euros mensuais.

2. A base de cotización para os traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2019, sexan menores de 47 anos de idade será a elixida por estes, dentro dos límites que representan as bases mínima e máxima.

Igual elección poderán efectuar aqueles traballadores autónomos que nesa data teñan unha idade de 47 anos e a súa base de cotización no mes de decembro de 2018 fose igual ou superior a 2.052,00 euros mensuais, ou que causen alta neste réxime especial con posterioridade á citada data.

Noutro caso, a súa base máxima de cotización será de 2.077,80 euros mensuais.

Os traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2019, teñan 47 anos de idade, se a súa base de cotización for inferior a 2.052,00 euros mensuais non poderán elixir unha base de contía superior a 2.077,80 euros mensuais, salvo que exerzan a súa opción en tal sentido antes do 30 de xuño de 2019, o que producirá efectos a partir do 1 de xullo do mesmo ano, ou que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que pórse á fronte del e darse de alta neste réxime especial con 47 anos de idade, caso en que non existirá a dita limitación.

3. A base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2019, teñan a idade de 48 ou máis anos estará comprendida entre as contías de 1.018,50 e 2.077,80 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que pórse á fronte del e darse de alta neste réxime especial con 45 ou máis anos de idade, caso en que a elección de bases estará comprendida entre as contías de 944,40 e 2.077,80 euros mensuais.

Non obstante, a base de cotización dos traballadores autónomos que con anterioridade aos 50 anos cotizasen en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social cinco ou máis anos, terá as seguintes contías:

a) Se a última base de cotización acreditada foi igual ou inferior a 2.052,00 euros mensuais, deberase cotizar por unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e 2.077,80 euros mensuais.

b) Se a última base de cotización acreditada foi superior a 2.052,00 euros mensuais, deberase cotizar por unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e o importe daquela incrementado nun 7,00 por cento, co tope da base máxima de cotización.

O previsto na anterior alínea b) será, así mesmo, de aplicación con respecto aos traballadores autónomos que con 48 ou 49 anos de idade exercesen a opción prevista no artigo 132, número catro.2, parágrafo segundo, da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

4. Os traballadores autónomos dedicados á venda ambulante ou a domicilio (CNAE 4781 Comercio ao retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en postos de venda e feiras; 4782 Comercio ao retallo de produtos téxtiles, roupa de vestir e calzado en postos de venda e feiras; 4789 Comercio ao retallo doutros produtos en postos de venda e feiras e 4799 Outro comercio ao retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras) poderán elixir como base mínima de cotización durante o ano 2019 unha base de 944,40 euros mensuais ou unha base de 869,40 euros mensuais.

Os traballadores autónomos dedicados á venda a domicilio (CNAE 4799) poderán tamén elixir como base mínima de cotización durante o ano 2019 unha base de 944,40 euros mensuais ou unha base de 519,30 euros mensuais.

O previsto no parágrafo primeiro do número 4 será de aplicación aos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que perciban ingresos directamente dos compradores. En tales casos, no suposto en que se acredite que a venda ambulante se leva a cabo en mercados tradicionais ou «feiras», con

horario de venda inferior a oito horas ao día, poderase elixir entre cotizar por unha base de 944,40 euros mensuais ou unha base de 519,30 euros mensuais.

A elección de bases de cotización prevista no parágrafo precedente tamén será de aplicación ás persoas que se dediquen de forma individual á venda ambulante en mercados tradicionais ou «feiras» con horario de venda inferior de oito horas ao día, sempre que non dispoñan de establecemento fixo propio nin produzan os artigos ou produtos que vendan.

5. Os traballadores autónomos que, en razón do seu traballo por conta allea desenvolvido simultaneamente, cotizasen en 2019, respecto de continxencias comúns en réxime de pluriactividade e tendo en conta tanto as achegas empresariais como as correspondentes ao traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda pola súa actividade por conta allea, así como as efectuadas no réxime especial, por unha contía igual ou superior a 13.822,06 euros, terán dereito a unha devolución do 50 por cento do exceso en que as súas cotizacións por continxencias comúns ingresadas superen a mencionada contía, co tope do 50 por cento das cotas ingresadas no réxime especial, en razón da súa cotización polas continxencias comúns.

6. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que quedasen incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos en aplicación do establecido no artigo 120.catro.8 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, terán dereito, durante 2019, a unha redución do 50 por cento da cota que deberán ingresar.

Tamén terán dereito a esa redución os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que iniciasen a súa actividade e quedasen incluídos no citado réxime especial a partir do 1 de xaneiro de 2009.

A redución aplicarase sobre a cota que resulte de aplicar sobre a base mínima elixida, de conformidade co previsto no parágrafo terceiro de número 4, o tipo de cotización vixente por continxencias comúns no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

7. Respecto aos traballadores autónomos que nalgún momento do ano 2018 e de maneira simultánea tivesen contratado ao seu servizo un número de traballadores por conta allea igual ou superior a 10, a base mínima de cotización terá unha contía fixada en 1.214,10 euros mensuais.

8. Os traballadores autónomos incluídos neste réxime especial ao abeiro do establecido no artigo 305.2.b) e e) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, agás aqueles que causen alta inicial nel, durante os 12 primeiros meses da súa actividade contados desde a data de efectos da dita alta, terán unha base mínima de cotización de contía fixada para o ano 2019 en 1.214,10 euros mensuais.

9. O incremento do 1,25 por cento a que se refire o número 1 será tamén de aplicación, durante o ano 2019, ás bases mínimas de cotización dos traballadores por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar incluídos no grupo primeiro de cotización a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

Artigo 7. Tipos de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, os tipos de cotización serán, a partir do 1 de xaneiro de 2019, os seguintes:

- a) Para as continxencias comúns: o 28,30 por cento.
- b) Para as continxencias profesionais: o 0,9 por cento, do cal o 0,46 por cento corresponde á continxencia de incapacidade temporal e o 0,44 á de incapacidade permanente, morte e supervivencia.
- c) Por cesamento de actividade: o 0,7 por cento.
- d) Por formación profesional: o 0,1 por cento.

Artigo 8. Tipos de cotización dos traballadores autónomos do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Durante o ano 2019, os tipos de cotización á Seguridade Social para as distintas continxencias, incluídas cesamento de actividade e formación profesional, dos traballadores autónomos do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar serán os previstos no artigo 7.

Malia isto, cando aos traballadores autónomos por razón da súa actividade lles resulte de aplicación un coeficiente redutor da idade de xubilación, a cotización por continxencias profesionais determinarase de conformidade co tipo máis alto dos fixados na tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, na redacción dada por este real decreto lei, sempre e cando o establecemento do dito coeficiente redutor non comporte unha cotización adicional por tal concepto.

Artigo 9. Bases e tipos de cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

1. Durante o ano 2019, os tipos de cotización por continxencias comúns serán os seguintes:

a) Cando o traballador optase por elixir como base de cotización unha base comprendida entre 944,40 euros mensuais e 1.133,40 euros mensuais, o tipo de cotización aplicable será o 18,75 por cento.

Se o traballador cotizase por unha base de cotización superior a 1.133,40 euros mensuais, á contía que exceda esta última seralle de aplicación o tipo de cotización do 26,50 por cento.

b) Respecto á mellora voluntaria da incapacidade temporal por continxencias comúns, o tipo de cotización aplicable á contía completa da base de cotización do interesado será o 3,30 por cento, ou o 2,80 por cento se o interesado está acollido á protección por continxencias profesionais ou por cesamento de actividade.

2. Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse os tipos da tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, na redacción dada por este real decreto lei.

No suposto de que os interesados non optasen pola cobertura da totalidade das continxencias profesionais, seguirase aboando, en concepto de cobertura das continxencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia, unha cota resultante de aplicar á base de cotización elixida o tipo do 1,00 por cento.

3. Igualmente, os traballadores incluídos neste sistema especial que non optasen por dar cobertura, no ámbito de protección dispensada, á totalidade das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,10 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos VIII e IX do título II do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

4. Para os traballadores que de forma voluntaria se acollan á cobertura de cesamento de actividade, o tipo de cotización aplicable será o 2,20 por cento.

Artigo 10. Procedemento de comprobación en caso de non pagamento de cotas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña poderán iniciar un procedemento para a comprobación da continuidade da actividade, para efectos de cursar baixa de oficio, daqueles traballadores por conta propia que, encontrándose de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, deixasen

de ingresar as cotizacións. Este procedemento de comprobación poderá ser iniciado coa apertura do procedemento de constrinximento, unha vez que se emitise a correspondente providencia de constrinximento. Para tal efecto, solicitarase informe das unidades de recadación executiva competentes.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña, unha vez acreditado o cesamento na actividade, procederá á baixa de oficio do traballador conforme o establecido no Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

TÍTULO II

Medidas en materia laboral e de emprego

Artigo 11. *Redución do número mínimo de xornadas reais cotizadas para acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria a favor dos traballadores eventuais agrarios afectados polas chuvias torrenciais, acaecidas no mes de outubro de 2018, en determinadas zonas da Comunidade Autónoma de Andalucía.*

1. Os traballadores agrarios por conta allea de carácter eventual que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, estean incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios da Seguridade Social e, na dita data, residan nas provincias de Málaga, Sevilla e Cádiz, declaradas como «zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil», en virtude do Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2018, poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego que regula o Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou da renda agraria, regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, mesmo cando non teñan cuberto no citado réxime da Seguridade Social o número mínimo de xornadas reais cotizadas establecido no artigo 2.1.c) ou no artigo 2.1.d) dos citados reais decretos, respectivamente, sempre que teñan cuberto no dito réxime especial un mínimo de 20 xornadas reais cotizadas nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á situación de desemprego, reúnan o resto dos requisitos exixidos na normativa aplicable e o soliciten dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei.

O previsto no parágrafo anterior tamén será de aplicación aos traballadores agrarios por conta allea de carácter eventual que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, estean incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios da Seguridade Social, aínda que non residan nas provincias afectadas, sempre que, residindo no territorio das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, acrediten a realización de xornadas agrarias nas ditas provincias nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á data de entrada en vigor sinalada.

2. Cando se aplique o previsto no número 1 deste artigo, considerarase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas para os efectos do establecido:

- a) No artigo 5.1.a) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro.
- b) Nos artigos 4.1 e 5.1.a) do Real decreto 426/2003, do 11 de abril.

3. Nas solicitudes que se presenten nos seis meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei no ámbito territorial indicado no número 1 deste artigo, aplicarase o seguinte:

a) Para aplicar a disposición transitoria primeira do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, deberase completar un número mínimo de 20 xornadas reais, cotizadas, na forma prevista na dita disposición.

b) Para aplicar a disposición transitoria segunda do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, cando se acredite un número igual ou superior a 20 xornadas cotizadas, considerarase acreditado un número de 35 xornadas cotizadas.

Artigo 12. *Regras de afectación das contías do salario mínimo interprofesional aos convenios colectivos que utilicen o salario mínimo interprofesional como referencia para determinar a contía ou o incremento do salario base ou de complementos salariais.*

1. Dado o carácter excepcional do incremento establecido polo Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo para 2019, as novas contías do salario mínimo interprofesional que se establecen non serán de aplicación aos convenios colectivos vixentes na data de entrada en vigor do dito real decreto que utilicen o salario mínimo interprofesional como referencia para determinar a contía ou o incremento do salario base ou de complementos salariais.

2. Nos supostos a que se refire o número anterior, salvo que as partes lexitimadas acorden outra cousa, a contía do salario mínimo interprofesional entenderase referida durante 2019:

a) Ás establecidas no Real decreto 1171/2015, do 29 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2016, incrementadas nun dous por cento de acordo co obxectivo a medio prazo de inflación do Banco Central Europeo nos convenios colectivos vixentes en 1 de xaneiro de 2017.

b) Ás establecidas no Real decreto 742/2016, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2017, incrementadas nun dous por cento, de acordo co obxectivo a medio prazo de inflación do Banco Central Europeo nos convenios colectivos que entraron en vigor despois do 1 de xaneiro de 2017 e que continuaban vixentes en 26 de decembro de 2017.

c) Ás establecidas no Real decreto 1077/2017, do 29 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2018 nos convenios colectivos que entraron en vigor despois do 26 de decembro do 2017 e vixentes na data de entrada en vigor do Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019.

3. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo de que deban ser modificados os salarios establecidos en convenio colectivo inferiores no seu conxunto e en cómputo anual ás contías do salario mínimo interprofesional que se establecen para 2019 no Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, na contía necesaria para asegurar a percepción das ditas contías, e serán de aplicación as regras sobre compensación e absorción que se establecen no artigo 3 do dito real decreto.

Artigo 13. *Habilitación para establecer regras de afectación do salario mínimo interprofesional en normas non estatais e pactos de natureza privada.*

1. Consideraranse habilitadas legalmente as regras de afectación establecidas no real decreto que fixe anualmente o salario mínimo interprofesional en relación co incremento da súa contía ás normas non estatais e contratos e pactos de natureza privada vixentes no momento da súa entrada en vigor.

2. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo de que deban ser modificados os salarios establecidos en contratos ou pactos de natureza privada inferiores no seu conxunto e en cómputo anual ás contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento na contía necesaria para asegurar a súa percepción, e serán de aplicación as regras sobre compensación e absorción que se establecen nos reais decretos polos que anualmente se fixa o salario mínimo.

Disposición adicional primeira. *Revalorización das pensións.*

1. En 2019 a revalorización das pensións realizarase de acordo co establecido no artigo 1 do presente real decreto lei, e non será de aplicación o disposto nos artigos 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

2. No prazo de seis meses, o Goberno adoptará as medidas necesarias para modificar os artigos citados no número anterior e establecer, no marco do diálogo social e de acordo coas recomendacións da Comisión de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo, un mecanismo de revalorización das pensións que garanta o mantemento do seu poder adquisitivo preservando a sustentabilidade social e financeira do sistema da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Adiamento da aplicación de determinados preceptos da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

Adiase a entrada en vigor do previsto nos artigos 1.1, primeiro parágrafo; 24, segundo parágrafo; e 25.4 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, en todo o relativo aos traballadores por conta propia que exerzan a súa actividade a tempo parcial.

Disposición adicional terceira. *Suspensión do sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais por diminución da sinistralidade laboral.*

Suspéndese a aplicación do sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúisen de maneira considerable a sinistralidade laboral, prevista no Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, para as cotizacións que se xeren durante o ano 2019. Esta suspensión estenderase até que o Goberno reforme o citado real decreto, o que se deberá producir ao longo do ano 2019.

Disposición adicional cuarta. *Cotización no sistema especial para manipulación e empaquetado do tomate fresco con destino á exportación, dentro do réxime xeral da Seguridade Social.*

1. A achega á cotización por todas as continxencias dos empresarios incluídos no sistema especial para as tarefas de manipulación e empaquetado do tomate fresco con destino á exportación levarase a cabo de acordo co establecido con carácter xeral para o réxime xeral da Seguridade Social e mediante o sistema de liquidación directa de cotas a que se refire o artigo 22.1.b) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. Durante o ano 2019, os empresarios encadrados nese sistema especial terán dereito a unha redución do 80 por cento e a unha bonificación do 10 por cento na dita achega empresarial á cotización por continxencias comúns.

A referida bonificación irase reducindo progresivamente nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado até a súa supresión. No exercicio en que a bonificación deixe de aplicarse, os empresarios incluídos no sistema especial que, ademais de manipulalo e empaquetalo, sexan tamén produtores do mesmo tomate fresco destinado á exportación integraranse no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

A bonificación a que se refire este punto financiarase con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional quinta. *Seguridade Social das persoas que desenvolven programas de formación e prácticas non laborais e académicas.*

1. A realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, a realización de prácticas non laborais en empresas e a realización de prácticas académicas externas ao abeiro da respectiva regulación legal e regulamentaria determinarán a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que realicen as prácticas indicadas, aínda que non teñan carácter remunerado.

As prácticas a que se refire o parágrafo anterior comprenden as realizadas tanto por alumnos universitarios de titulacións oficiais de grao e máster como por alumnos de formación profesional de grao medio ou superior.

2. As persoas indicadas no número 1 quedarán comprendidas no réxime xeral da Seguridade Social como asimiladas a traballadores por conta allea, con exclusión da

protección por desemprego, salvo que a práctica ou formación se realice a bordo de embarcacións, caso en que a inclusión se producirá no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

3. O cumprimento das obrigacións en materia de Seguridade Social corresponderá:

a) No caso de prácticas e programas formativos remunerados, a quen corresponda de acordo coa normativa aplicable en cada caso.

b) No caso de prácticas e programas formativos non remunerados, á empresa, institución ou entidade en que se desenvolvan aqueles, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, de ser o caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que tales obrigacións corresponderán ao centro educativo en que os alumnos cursen os seus estudos.

4. A cotización á Seguridade Social efectuarase, en todo caso, aplicando as regras de cotización correspondentes aos contratos para a formación e a aprendizaxe, sen que exista obrigación de cotizar polas contingencias de desemprego, nin ao Fondo de Garantía Salarial nin por formación profesional.

5. O previsto nesta disposición resultará de aplicación ás persoas cuxa participación en programas de formación ou realización de prácticas non laborais e académicas, de carácter non remunerado, comece a partir do día primeiro do mes seguinte ao da entrada en vigor da norma regulamentaria de desenvolvemento a que se refire o número seguinte.

6. O Goberno, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, desenvolverá o previsto nesta disposición e adecuará ás normas regulamentarias sobre a materia.

7. As persoas a que fai referencia a presente disposición que, con anterioridade á súa data de entrada en vigor, se encontrasen na situación indicada nela, poderán subscribir un convenio especial, por unha única vez, no prazo, termos e condicións que determine o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, que lles posibilite o cómputo da cotización polos períodos de formación realizados antes da data de entrada en vigor, até un máximo de dous anos.

Disposición adicional sexta. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros do corpo da Ertzaintza.

En relación cos membros do corpo da Ertzaintza a que se refire a disposición adicional vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

A partir do 1 de xaneiro de 2019, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 9,90 por cento, do cal o 8,26 por cento será por conta da empresa e o 1,64 por cento por conta do traballador.

Disposición adicional sétima. Efectos económicos do incremento de determinadas pensións de viuvez de clases pasivas.

O incremento das pensións de viuvez de clases pasivas afectadas pola modificación do artigo 39 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, efectuada pola disposición derradeira sexta deste real decreto lei e que se estean percibindo na data da súa entrada en vigor terá efectos económicos do 1 de xaneiro de 2019 e revisaranas de oficio a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias.

Para efectos da revisión mencionada no parágrafo anterior, será de aplicación o establecido nas disposicións transitorias terceira e cuarta do Real decreto 1413/2018, do 2 de decembro, polo que se desenvolven as previsións da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, en materia de pensións de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado.

Disposición transitoria primeira. *Opción por unha mutua colaboradora coa Seguridade Social de traballadores do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que optasen inicialmente por unha entidade xestora.*

Os traballadores incluídos no ámbito de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos incorporados ao dito réxime especial con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que, de acordo coa disposición transitoria vixésimo novena do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, optasen por manter a protección pola prestación económica por incapacidade temporal coa entidade xestora, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei deberán optar por unha mutua colaboradora da Seguridade Social, opción que deberá efectuarse nos termos previstos no artigo 83.1.b) do dito texto refundido, e producirá efectos desde o 1 de xuño de 2019.

Mentres non se produza esa opción, seguirá xestionando a prestación por cesamento de actividade dos ditos traballadores autónomos o Servizo Público de Emprego Estatal e as contingencias profesionais serán cubertas polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

Disposición transitoria segunda. *Aumento progresivo dos tipos de cotización aplicables por contingencias profesionais e por cesamento de actividade dos traballadores autónomos incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.*

Os tipos de cotización por contingencias profesionais e por cesamento de actividade dos traballadores autónomos incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar axustaranse á seguinte escala:

a) Para a cotización por contingencias profesionais:

No ano 2020, o tipo de cotización será o 1,1 por cento.

No ano 2021, o tipo de cotización será o 1,3 por cento.

A partir do ano 2022, o tipo de cotización será o que se estableza con carácter definitivo para ambos os réximes especiais na respectiva lei de orzamentos xerais do Estado.

Malia isto, e de conformidade co disposto no artigo 8, cando aos traballadores autónomos do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar lles resulte de aplicación por razón da súa actividade un coeficiente redutor da idade de xubilación, a cotización por contingencias profesionais determinarase de conformidade co tipo máis alto dos fixados na tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, na redacción dada por este real decreto lei, sempre e cando o establecemento do dito coeficiente redutor non comporte unha cotización adicional por tal concepto.

b) Para cesamento de actividade:

No ano 2020, o tipo de cotización será o 0,8 por cento.

No ano 2021, o tipo de cotización será o 0,9 por cento.

A partir do ano 2022, o tipo de cotización será o que se estableza con carácter definitivo para ambos os réximes especiais na respectiva lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición transitoria terceira. *Beneficios na cotización para determinados traballadores por conta propia.*

Os traballadores por conta propia que en 31 de decembro de 2018 se estivesen aplicando as bonificacións e reducións de cotas previstas nos artigos 31 e 32 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, deberán cotizar obrigatoriamente a partir da dita data por contingencias profesionais, non así por cesamento de actividade nin por formación profesional.

No caso de que se optase pola base mínima de cotización que corresponda, a cotización durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta consistirá, a partir do 1 de xaneiro de 2019, nunha cota única mensual de 60 euros, que comprenderá tanto as continxencias comúns como as continxencias profesionais. Desta cota, 51,50 euros corresponden a continxencias comúns e 8,50 euros, a continxencias profesionais.

Non obstante o anterior, aqueles traballadores que en 31 de decembro de 2018 tivesen a cobertura da protección por cesamento de actividade continuarán con ela. Neste caso deberá cotizarse obrigatoriamente tamén por formación profesional.

Para tales efectos, as cotas que se deberán ingresar por estas dúas continxencias determinaranse aplicando ás bases de cotización elixidas polos interesados, ou as que correspondan con carácter obrigatorio, os tipos de cotización previstos no artigo 7 deste real decreto lei.

Disposición transitoria cuarta. *Regras tras a extinción da colaboración voluntaria das empresas na xestión da Seguridade Social.*

1. As empresas que, en 31 de decembro de 2018, estivesen acollidas á modalidade de colaboración regulada no artigo 102.1.b) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social cesarán na dita colaboración con efectos do 31 de marzo de 2019 e, no prazo dos 3 meses seguintes ao cesamento, deberán efectuar a liquidación das operacións relativas á colaboración, de conformidade co establecido nos artigos 14 e 15 quáter da Orde do 25 de novembro de 1966, pola que se regula a colaboración das empresas no réxime xeral da Seguridade Social.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, respecto dos procesos de incapacidade temporal derivados de enfermidade común e accidente non laboral que estean en curso na data de cesamento, a responsabilidade do pagamento do subsidio derivado deles seguirá correspondendo á empresa colaboradora até a data de extinción da incapacidade temporal ou, de ser o caso, da prolongación dos seus efectos económicos sen que, en tales supostos, poida a empresa compensarse nas correspondentes liquidacións das cotizacións á Seguridade Social.

2. As empresas que cesen na modalidade de colaboración prevista no artigo 102.1.b) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, nos termos establecidos no primeiro parágrafo do número anterior, poderán optar por formalizar a protección da prestación económica por incapacidade temporal derivada de enfermidade común e accidente non laboral cunha mutua colaboradora coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 83.1.a), parágrafos segundo e terceiro da dita norma legal, e deberán exercer a dita opción antes do 1 de abril de 2019.

Disposición transitoria quinta. *Protección por desemprego no caso de determinados contratos para a formación e a aprendizaxe.*

A cobertura da continxencia de desemprego nos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos con alumnos traballadores nos programas públicos de emprego e formación, incluídos os programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, será de aplicación aos contratos que se subscriban a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei.

Para estes efectos, os contratos vixentes na data de entrada en vigor desta norma, así como as súas prórrogas, rexeranse pola normativa a cuxo abeiro se concertaron os contratos iniciais.

Disposición transitoria sexta. *Contratos de traballo afectados pola redución da taxa de paro por debaixo do 15 por cento.*

Os contratos de traballo e incentivos á contratación afectados pola redución da taxa de paro por debaixo de 15 por cento a que se refiren as disposicións transitorias novena da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e

primeira da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, que se subscribísen con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei continuarán rexéndose pola normativa vixente no momento da súa subscrición nos termos previstos no número 2 da disposición derogatoria única deste real decreto lei.

En todo caso, considéranse válidos os contratos, así como de ser o caso os incentivos correspondentes, que se subscribísen desde o 15 de outubro de 2018, data de publicación da enquisa de poboación activa do terceiro trimestre de 2018, até a data de entrada en vigor deste real decreto lei, ao abeiro da normativa vixente no momento da súa subscrición, que se considera plenamente aplicable a estes contratos e incentivos até o momento da súa derogación ou modificación.

Disposición transitoria sétima. *Solicitudes do subsidio por desemprego ou da renda agraria presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.*

O disposto no artigo 11 deste real decreto lei será tamén de aplicación aos traballadores referidos nel que presentasen, a partir do 1 de outubro de 2018 e antes da entrada en vigor deste real decreto lei, a solicitude do subsidio por desemprego regulada no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou a solicitude da renda agraria regulada no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, sempre que presenten unha nova solicitude a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio da axuda económica de acompañamento a mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que subscriban un contrato para a formación e a aprendizaxe.*

As persoas que cando entre en vigor este real decreto lei teñan a condición de beneficiarios da axuda económica de acompañamento a mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que subscriban un contrato para a formación e a aprendizaxe, regulada na disposición adicional centésimo vixésima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e aqueles que a solicitasen antes desa data e teñan dereito a obtela por reuniren todos os requisitos exixidos no momento da solicitude, poderán percibir a axuda até a finalización do contrato a que está vinculada a súa concesión.

Igualmente, poderán percibir a axuda até a finalización do contrato a que está vinculada a súa concesión as persoas que antes da entrada en vigor deste real decreto lei subscribísen un contrato para a formación e a aprendizaxe que dea dereito á obtención da axuda e, reunindo os requisitos necesarios, a soliciten a partir da entrada en vigor desta norma. Se a axuda se solicita transcorrido o prazo máximo dos quince días hábiles seguintes ao do inicio do contrato, os efectos económicos produciranse a partir do día seguinte ao da solicitude e a duración da axuda económica reducirase en tantos días como medien entre a data en que tivese lugar a súa percepción de terse efectuado a solicitude en tempo e forma e aquela en que efectivamente se tería realizado, ambos inclusive.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

2. Quedan derogados expresamente:

a) O artigo 4 e a disposición transitoria novena da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

b) Os artigos 9, 10, 11, 12 e 13, a disposición adicional novena e a disposición transitoria primeira da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

c) O número 2 da disposición adicional segunda, o número 1 da disposición transitoria segunda e a disposición transitoria novena do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

d) O número 7 da disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

e) A disposición adicional centésimo vixésima e a disposición adicional centésimo vixésimo primeira da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria novena deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.*

Modifícase a disposición adicional décima do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, que queda redactada nos seguintes termos:

«Os convenios colectivos poderán establecer cláusulas que posibiliten a extinción do contrato de traballo polo cumprimento por parte do traballador da idade legal de xubilación fixada na normativa da Seguridade Social, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) O traballador afectado pola extinción do contrato de traballo deberá cumprir os requisitos exixidos pola normativa da Seguridade Social para ter dereito ao cen por cento da pensión ordinaria de xubilación na súa modalidade contributiva.

b) A medida deberá vincularse a obxectivos coherentes de política de emprego expresados no convenio colectivo, tales como a mellora da estabilidade no emprego pola transformación de contratos temporais en indefinidos, a contratación de novos traballadores, a remuda xeracional ou calquera outra dirixida a favorecer a calidade do emprego.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

O texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, queda redactado como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 83, coa seguinte redacción:

«1. Os empresarios e os traballadores por conta propia, no momento de cumprir ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social as súas respectivas obrigacións de inscrición de empresa, afiliación e alta farán constar a entidade xestora ou a mutua colaboradora coa Seguridade Social pola cal optasen para protexer as contingencias profesionais, a prestación económica por incapacidade temporal derivada de contingencias comúns e a protección por cesamento de actividade, de acordo coas normas reguladoras do réxime da Seguridade Social en que se encadren, e comunicarán a aquela as súas posteriores modificacións. Corresponderá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o recoñecemento de tales declaracións e dos seus efectos legais, nos termos establecidos regulamentariamente e sen prexuízo das particularidades que se dispoñen nos puntos seguintes en caso de optarse a favor dunha mutua colaboradora coa Seguridade Social.

A opción a favor dunha mutua colaboradora coa Seguridade Social realizarase na forma e terá o alcance que se establecen a seguir:

a) Os empresarios que opten por unha mutua para a protección dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais da Seguridade Social deberán formalizar con ela o convenio de asociación e protexer na mesma entidade todos os traballadores correspondentes aos centros de traballo situados na mesma provincia, cuxa definición está recollida no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Igualmente, os empresarios asociados poderán optar por que a mesma mutua xestione a prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns respecto dos traballadores protexidos fronte ás continxencias profesionais.

O convenio de asociación é o instrumento polo cal se formaliza a asociación á mutua e terá un período de vixencia dun ano, que poderá prorrogarse por períodos de igual duración. Establecerase regulamentariamente o procedemento para formalizar o convenio, o seu contido e efectos.

b) Os traballadores comprendidos no ámbito de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos deberán formalizar a cobertura da acción protectora por continxencias profesionais, incapacidade temporal e cesamento de actividade cunha mutua colaboradora coa Seguridade Social, e deberán optar pola mesma mutua colaboradora para toda a acción protectora indicada. Así mesmo, deberán formalizar cunha mutua colaboradora a dita acción protectora os traballadores que cambien de entidade.

Para formalizar a xestión por cesamento de actividade subscribirán o anexo correspondente ao documento de adhesión, nos termos que establezan as normas regulamentarias que regulan a colaboración.

Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar poderán optar por protexer as continxencias profesionais coa entidade xestora ou cunha mutua colaboradora coa Seguridade Social. Os traballadores incluídos no grupo terceiro de cotización deberán formalizar a protección das continxencias comúns coa entidade xestora da Seguridade Social. En todo caso, deberán formalizar a protección por cesamento de actividade coa entidade xestora ou coa mutua con que protexan as continxencias profesionais.

A protección formalizarase mediante documento de adhesión polo cal o traballador por conta propia se incorpora ao ámbito xestor da mutua de forma externa á base asociativa desta e sen adquirir os dereitos e obrigas derivados da asociación. O período de vixencia da adhesión será dun ano e poderase prorrogar por períodos de igual duración. O procedemento para formalizar o documento de adhesión, o seu contido e os efectos estableceranse regulamentariamente.»

Dous. Modifícase o artigo 102 nos seguintes termos:

- a) Suprímese a letra b) do número 1, pasando a letra c) a ser a letra b).
- b) Dáse nova redacción ao número 5, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Na regulación das modalidades de colaboración establecidas na letra a) do número 1 e no número 4 harmonizarase o interese particular pola mellora de prestacións e medios de asistencia coas exixencias da solidariedade nacional.»

Tres. Engádesse un novo número 4 ao artigo 146, que queda redactado como segue:

«4. Os empresarios que ocupen traballadores aos cales, en razón da súa actividade, lles resulte de aplicación un coeficiente redutor da idade de xubilación deberán cotizar polo tipo de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais máis alto dos establecidos, sempre e cando o establecemento dese coeficiente redutor non comporte unha cotización adicional por tal concepto.

O previsto neste punto non será de aplicación aos empresarios que ocupen traballadores incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 1539/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen coeficientes redutores da idade de xubilación a favor dos traballadores que acreditan un grao importante de discapacidade. Tampouco resultará de aplicación aos traballadores embarcados en barcos de pesca até 10 toneladas de rexistro bruto incluídos no réxime especial de traballadores do mar.»

Catro. Modifícase o artigo 151, coa seguinte redacción:

«Nos contratos de carácter temporal cuxa duración efectiva sexa igual ou inferior a cinco días, a cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns incrementarase nun 40 por cento. Este incremento non será de aplicación aos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 170, que queda redactado como segue:

«1. Até o cumprimento do prazo de duración de trescentos sesenta e cinco días dos procesos de incapacidade temporal, o Instituto Nacional da Seguridade Social exercerá, a través dos inspectores médicos adscritos á dita entidade, as mesmas competencias que a Inspección de Servizos Sanitarios da Seguridade Social ou órgano equivalente do respectivo servizo público de saúde, para emitir unha alta médica para todos os efectos, así como para considerar que existe recaída nun mesmo proceso, cando se produzan as mesmas circunstancias que se recollen no último parágrafo do número 2 do artigo anterior.

Cando a alta fose expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social, este será o único competente, a través dos seus propios inspectores médicos, para emitir unha nova baixa médica producida pola mesma ou similar patoloxía nos cento oitenta días seguintes á citada alta médica.»

Seis. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 196, que queda redactado como segue:

«2. A prestación económica correspondente á incapacidade permanente total consistirá nunha pensión vitalicia, que poderá excepcionalmente ser substituída por unha indemnización a tanto global cando o beneficiario sexa menor de sesenta anos.

Os declarados afectos de incapacidade permanente total percibirán a pensión prevista no parágrafo anterior incrementada na porcentaxe que regulamentariamente se determine cando, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais e laborais do lugar de residencia, se presuma a dificultade de obter emprego en actividade distinta da habitual anterior.

A contía da pensión de incapacidade permanente total derivada de enfermidade común non poderá resultar inferior ao importe mínimo fixado anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para a pensión de incapacidade permanente total derivada de enfermidade común de titulares menores de sesenta anos con cónxuxe non a cargo.»

Sete. Dáse unha nova redacción ao artigo 249, que queda redactado como segue:

«Artigo 249. *Acción protectora e cotización.*

1. A acción protectora da Seguridade Social do traballador contratado para a formación e a aprendizaxe comprenderá todas as contingencias, situacións protexibles e prestacións daquela, incluído o desemprego.

Respecto á protección por desemprego, resultará de aplicación o establecido no título III, coas especialidades previstas no artigo 290.

2. Os contratos subscritos conforme o disposto no número anterior deste artigo estarán exentos da cotización por formación profesional.»

Oito. Engádese unha nova sección 3.^a ao capítulo XVII do título II do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, na cal se inclúe un novo artigo 249 bis, co seguinte teor literal:

«Artigo 249 bis. *Cómputo dos períodos de cotización en contratos de curta duración.*

1. Para os exclusivos efectos de acreditar os períodos mínimos de cotización necesarios para causar dereito ás prestacións de xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, incapacidade temporal, maternidade e paternidade, e coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, nos contratos de carácter temporal cuxa duración efectiva sexa igual ou inferior a cinco días, regulados no artigo 151 desta lei, cada día de traballo considerárase como 1,4 días de cotización, sen que en ningún caso se poida computar mensualmente un número de días maior que o que corresponda ao mes respectivo.

2. Esta previsión non será de aplicación nos supostos de contratos a tempo parcial, de remuda a tempo parcial e contrato fixo-descontinuo.»

Nove. O artigo 308 queda redactado como segue:

«Artigo 308. *Cotización durante a situación de incapacidade temporal e por continxencias profesionais.*

1. Na situación de incapacidade temporal con dereito a prestación económica, transcorridos 60 días na dita situación desde a baixa médica, corresponderá facer efectivo o pagamento das cotas, por todas as continxencias, á mutua colaboradora coa Seguridade Social, á entidade xestora ou, de ser o caso, ao Servizo Público de Emprego Estatal, con cargo ás cotas por cesamento de actividade.

2. Para os efectos da aplicación do establecido no parágrafo anterior, a contía equivalente ao pagamento efectivo das cotizacións dos traballadores autónomos en período de baixa laboral pasados os 60 días que o servizo público de emprego estatal deba asumir fíxase mediante un coeficiente aplicable ao total de cotas por cesamento de actividade de todos os traballadores con cobertura pola dita entidade. Este coeficiente establecerase anualmente na orde pola cal se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para cada exercicio.

3. A cotización correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais realizarase mediante a aplicación dun tipo único fixado anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado, que se aplicará sobre a base de cotización elixida polo interesado.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 311, que queda redactado como segue:

«1. Os traballadores incluídos neste réxime especial quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social, salvo por incapacidade temporal e por continxencias profesionais, sempre que se encontren nalgún destes supostos:

a) Sesenta e cinco anos de idade e trinta e oito anos e seis meses de cotización.

b) Sesenta e sete anos de idade e trinta e sete anos de cotización.

En todos os casos citados, para efectos do cómputo de anos de cotización non se tomarán en conta as partes proporcionais de pagas extraordinarias.»

Once. Modifícase o número 1 do artigo 313, coa seguinte redacción:

«1. Os traballadores autónomos que, en razón dun traballo por conta allea desenvolvido simultaneamente, coticen en réxime de pluriactividade, tendo en conta tanto as cotizacións efectuadas neste réxime especial como as achegas empresariais e as correspondentes ao traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda pola súa actividade por conta allea, terán dereito ao reintegro do 50 por cento do exceso en que as súas cotizacións por contingencias comúns superen a contía que estableza para tal efecto a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio, co tope do 50 por cento das cotas ingresadas neste réxime especial en razón da súa cotización polas contingencias comúns.

En tales supostos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social aboará o reintegro que en cada caso corresponda antes do 1 de maio do exercicio seguinte, salvo cando concorran especialidades na cotización que impidan efectualo nese prazo ou resulte necesaria a achega de datos por parte do interesado, caso en que o reintegro se realizará con posterioridade a esa data.»

Doce. Modifícase o número 1 do artigo 316, coa seguinte redacción:

«1. A cobertura das contingencias profesionais será obrigatoria e levarase a cabo coa mesma entidade, xestora ou colaboradora, coa cal se formalizase a cobertura da incapacidade temporal e determinará a obrigaición de efectuar as correspondentes cotizacións, nos termos previstos no artigo 308.

Polas contingencias indicadas, recoñeceranse as prestacións que por elas se lles conceden aos traballadores incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Trece. Modifícase o artigo 317, coa seguinte redacción:

«Artigo 317. *Acción protectora dos traballadores autónomos economicamente dependentes.*

Os traballadores autónomos economicamente dependentes teñen incluída obrigatoriedade, dentro do ámbito da acción protectora da Seguridade Social, a cobertura da incapacidade temporal e dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Para os efectos desta cobertura, entenderase por accidente de traballo toda lesión corporal do traballador autónomo economicamente dependente que sufra con ocasión ou por consecuencia da actividade profesional; considérase tamén accidente de traballo o que sufra o traballador ao ir ou volver do lugar da prestación da actividade, ou por causa ou consecuencia desta. Salvo proba en contrario, presumirase que o accidente non ten relación co traballo cando acontecese fóra do desenvolvemento da actividade profesional de que se trate.»

Catorce. Modifícase o artigo 321, coa seguinte redacción:

«Artigo 321. *Nacemento e contía da prestación de incapacidade temporal.*

1. Para os traballadores incluídos neste réxime especial, o nacemento da prestación económica por incapacidade temporal a que poidan ter dereito producirase, nos termos e condicións que regulamentariamente se establezan, a partir do cuarto día da baixa na correspondente actividade, salvo que o subsidio se orixinase a causa dun accidente de traballo ou enfermidade profesional, caso en que a prestación nacerá a partir do día seguinte ao da baixa.

2. As porcentaxes aplicables á base reguladora para determinar a contía da prestación económica por incapacidade temporal derivada de contingencias comúns serán as vixentes no réxime xeral respecto aos procesos derivados das indicadas contingencias.»

Quince. Modifícase o artigo 325, co seguinte teor literal:

«Artigo 325. *Especialidades en materia de cotización.*

A incorporación ao sistema especial para traballadores por conta propia agrarios previsto no artigo anterior determinará a aplicación das seguintes regras en materia de cotización á Seguridade Social:

a) Respecto das continxencias de cobertura obrigatoria, se o traballador opta como base de cotización por unha base de contía até o 120 por cento da base mínima que corresponda no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, o tipo de cotización aplicable será do 18,75 por cento.

Se, en cambio, o traballador optase por unha base de cotización superior á sinalada no parágrafo anterior, sobre a contía que exceda esta última aplicarase o tipo de cotización vixente en cada momento neste réxime especial para as continxencias comúns.

b) Respecto das continxencias de cobertura voluntaria, a cota determinarase aplicando, sobre a contía completa da base de cotización, os seguintes tipos de cotización:

Para a cobertura da incapacidade temporal e da protección por cesamento de actividade, aplicaranse os tipos establecidos nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

A cotización correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais realizarase mediante a aplicación dos tipos de cotización establecidos para cada actividade económica, ocupación ou situación na tarifa de primas establecidas legalmente, sen prexuízo do que as leis de orzamentos xerais do Estado poidan establecer, en particular, respecto da protección por incapacidade permanente e morte e supervivencia derivadas das ditas continxencias profesionais, conforme o disposto nos artigos 19.3 e 326.

c) Os traballadores acollidos á protección por continxencias profesionais ou por cesamento de actividade terán unha redución de 0,5 puntos porcentuais na cotización pola cobertura de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

Cando non se optase por dar cobertura á totalidade das continxencias de accidente de traballo e enfermidades profesionais, deberá efectuarse unha cotización adicional para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos VIII e IX do texto refundido da Lei xeral da seguridade social nos termos que, de ser o caso, poidan prever as leis de orzamentos xerais do Estado.»

Dezaseis. Modifícase o número 1 do artigo 327, coa seguinte redacción:

«1. O sistema específico de protección polo cesamento de actividade forma parte da acción protectora do sistema da Seguridade Social, é de carácter obrigatorio e ten por obxecto dispensar aos traballadores autónomos, afiliados á Seguridade Social e en alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, ou no réxime especial dos traballadores do mar, as prestacións e medidas establecidas nesta lei ante a situación de cesamento total na actividade que orixinou a alta no réxime especial, malia poderen e quererem exercer unha actividade económica ou profesional a título lucrativo.

O cesamento de actividade poderá ser definitivo ou temporal. O cesamento temporal comporta a interrupción de todas as actividades que orixinaron a alta no réxime especial en que o traballador autónomo figure encadrado, nos supostos regulados no artigo 331.»

Dezasete. Modifícase o artigo 329, que queda redactado como segue:

«Artigo 329. *Acción protectora.*

O sistema de protección por cesamento de actividade comprende as prestacións seguintes:

a) A prestación económica por cesamento total, temporal ou definitivo, da actividade.

A prestación sinalada rexerese exclusivamente por esta lei e polas disposicións que a desenvolvan e complementen.

b) O aboamento da cotización á Seguridade Social do traballador autónomo ao réxime correspondente. Para tales efectos, o órgano xestor farase cargo da cota que corresponda durante a percepción das prestacións económicas por cesamento de actividade. A base de cotización durante ese período corresponde á base reguladora da prestación por cesamento de actividade nos termos establecidos no artigo 339, sen que, en ningún caso, a base de cotización poida ser inferior ao importe da base mínima ou base única de cotización prevista no correspondente réxime.

Nos supostos previstos no artigo 331.1.d, non existirá a obrigaçión de cotizar á Seguridade Social e aplicarase o previsto no artigo 21.5 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

c) O aboamento da cotización á Seguridade Social do traballador autónomo por todas as continxencias ao réxime correspondente, a partir do sexaxésimo primeiro día de baixa conforme o disposto no artigo 308.»

Dezaioito. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 337, que quedan redactados nos termos seguintes:

«1. Os traballadores autónomos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 330 deberán solicitar á mesma mutua colaboradora coa Seguridade Social a que se encontren adheridos o recoñecemento do dereito á protección por cesamento de actividade.

Respecto dos traballadores por conta propia que non se encontren adheridos a unha mutua, será de aplicación o establecido no número 3 do artigo 346.

O dereito a percibir a correspondente prestación económica nacerá desde o día seguinte a aquel en que teña efectos a baixa no réxime especial a que estean adscritos, de acordo co artigo 46.4.a) do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

No resto de supostos regulados nese mesmo artigo, o nacemento do dereito producirase o día primeiro do mes seguinte a aquel en que teña efectos a baixa como consecuencia do cesamento na actividade.

Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalizase a súa relación co cliente principal, para ter dereito a percibir a prestación non poderá ter actividade con outros clientes a partir do día en que inicie o cobramento da prestación.»

«4. O órgano xestor farase cargo da cota da Seguridade Social durante o período de percepción da prestación, sempre que se solicítase no prazo previsto no número 2. Noutro caso, o órgano xestor farase cargo a partir do día primeiro do mes seguinte ao da solicitude.

Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalizase a súa relación co cliente principal no suposto de que, no mes posterior ao feito causante, tivese actividade con outros clientes, o órgano xestor estará obrigado a cotizar a partir da data de inicio da prestación.»

Dezanove. Modifícase o número 1 do artigo 338, coa redacción que se inclúe a continuación e suprímese o número 2:

«1. A duración da prestación por cesamento de actividade estará en función dos períodos de cotización efectuados dentro dos corenta e oito meses anteriores á situación legal de cesamento de actividade, dos cales ao menos doce deben ser continuados e inmediatamente anteriores á dita situación de cesamento consonte a seguinte escala:

Período de cotización – Meses	Período da protección – Meses
De doce a dezasete	4
De dezaioito a vinte e tres	6
De vinte e catro a vinte e nove	8
De trinta a trinta e cinco	10
De trinta e seis a corenta e dous	12
De corenta e tres a corenta e sete	16
De corenta e oito en diante	24»

Vinte. Modifícase o número 2 do artigo 340, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A suspensión do dereito comportará a interrupción do aboamento da prestación económica e da cotización sen afectar o período da súa percepción, salvo no suposto previsto na letra a) do número anterior, en que o período de percepción se reducirá por tempo igual ao da suspensión producida.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 344, nos seguintes termos:

«1. A protección por cesamento de actividade financiarase exclusivamente con cargo á cotización pola dita contingencia. A data de efectos da cobertura determinarase regulamentariamente.

2. A base de cotización por cesamento de actividade corresponderase coa base de cotización do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que elixise, como propia, o traballador autónomo consonte o establecido nas normas de aplicación, ou ben a que lle corresponda como traballador por conta propia no réxime especial dos traballadores do mar.

3. O tipo de cotización correspondente á protección da Seguridade Social por cesamento de actividade, aplicable á base determinada no número anterior, establecerase de conformidade co disposto no artigo 19. Non obstante, co obxecto de manter a sustentabilidade financeira do sistema de protección, a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio establecerá o tipo de cotización aplicable ao exercicio a que se refiran de acordo coas seguintes regras:

a) O tipo de cotización expresado en tanto por cento será o que resulte da seguinte fórmula:

$$TCt = G/BC*100$$

Onde:

t = é o ano a que se refiran os orzamentos xerais do Estado en que estará en vigor o novo tipo de cotización.

TCt = é o tipo de cotización aplicable para o ano t.

G = é a suma do gasto por prestacións de cesamento de actividade dos meses comprendidos desde o 1 de agosto do ano t-2 até o 31 de xullo do ano t-1.

BC = é a suma das bases de cotización por cesamento de actividade dos meses comprendidos desde o 1 de agosto do ano t-2 até o 31 de xullo do ano t-1.

b) Non obstante o anterior, non corresponderá aplicar o tipo resultante da fórmula e manterase o tipo vixente, cando:

1.º Supoña incrementar o tipo de cotización vixente en menos de 0,5 puntos porcentuais.

2.º Supoña reducir o tipo de cotización vixente en menos de 0,5 puntos porcentuais, ou cando, sendo a redución do tipo maior de 0,5 puntos porcentuais, as reservas desta prestación a que se refire o artigo 346.2 previstas no peche do ano t-1 non superen o gasto orzado pola prestación de cesamento de actividade para o ano t.

c) En todo caso, o tipo de cotización que se fixará anualmente non poderá ser inferior ao 0,7 por cento nin superior ao 4 por cento.

Cando o tipo de cotización que se fixe en aplicación do previsto neste número exceda o 4 por cento, revisaranse necesariamente á alza todos os períodos de carencia previstos no artigo 338.1 desta lei, que quedarán fixados na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado. Esta revisión á alza será ao menos de dous meses.

4. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá emitir opinión, conforme o disposto no artigo 23 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, respecto á aplicación por parte do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social do previsto nos números anteriores, así como respecto á sustentabilidade financeira do sistema de protección por cesamento de actividade.»

Vinte e dous. Modifícase o número 1 do artigo 347, coa seguinte redacción:

«1. Son obrigacións dos traballadores autónomos solicitantes e beneficiarios da protección por cesamento de actividade:

a) Solicitar á mesma mutua colaboradora coa Seguridade Social a que se encontren adheridos a cobertura da protección por cesamento de actividade.

b) Cotizar pola achega correspondente á protección por cesamento de actividade.

c) Proporcionar a documentación e información que resulten necesarias para os efectos do recoñecemento, suspensión, extinción ou restablecemento da prestación.

d) Solicitar a baixa na prestación por cesamento de actividade cando se produzan situacións de suspensión ou extinción do dereito ou se deixen de reunir os requisitos exixidos para a súa percepción, no momento en que se produzan tales situacións.

e) Non traballar por conta propia ou allea durante a percepción da prestación.

f) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 350, coa seguinte redacción:

«Artigo 350. *Xurisdición competente e reclamación previa.*

1. Os órganos xurisdicionais da orde social serán os competentes para coñecer das decisións do órgano xestor relativas ao recoñecemento, suspensión ou extinción das prestacións por cesamento de actividade, así como ao seu pagamento. O interesado poderá formular reclamación previa ante o órgano xestor antes de

acudir ao órgano xurisdiccional da orde social competente. A resolución do órgano xestor deberá indicar expresamente a posibilidade de presentar reclamación, o órgano ante o cal se debe interpor, así como o prazo para a súa interposición.

2. Cando se formule reclamación previa contra as resolucións das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social en materia de prestacións por cesamento de actividade, antes da súa resolución, emitirá informe vinculante unha comisión paritaria en que estarán representadas as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, as asociacións representativas dos traballadores autónomos e a Administración da Seguridade Social. Actuará como presidente da comisión o representante da Administración da Seguridade Social e como secretario non membro dela unha persoa ao servizo da mutua competente para resolver. Poderá formar parte da comisión, como asesor con voz pero sen voto, un letrado da Administración da Seguridade Social integrado no Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social.

A mutua competente para resolver remitirá á comisión, para que esta se pronuncie ao respecto, a proposta motivada de resolución da reclamación previa. O secretario redactará acta de cada sesión deixando constancia dos acordos adoptados. Así mesmo, deberá realizar as comunicacións entre a comisión e a mutua competente. As mutuas deberán prestar o apoio financeiro e administrativo preciso para o funcionamento da comisión subscribindo os convenios que resulten oportunos. Mediante resolución do secretario de Estado da Seguridade Social establecerase a determinación da composición, organización e demais aspectos precisos para o adecuado funcionamento da dita comisión. No non previsto aplicarase o establecido para o funcionamento dos órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O resto de reclamacións previas serán resoltas polo mesmo órgano xestor que emitiu a resolución impugnada.»

Vinte e catro. Modifícanse os números 1 e 2 da disposición adicional primeira, co seguinte texto:

«1. Ao réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón seralle de aplicación o previsto nos artigos 146.4; 151; 152; 153; 161.4; nos capítulos VI, VII VIII, IX, e X do título II; nos artigos 194, números 2 e 3; 195, excepto o número 2; 197; 200; 205; 206; 207; 208; 209; 210; 211; 213; 214; 215; 219; 220; 221; 222; 223; 224; 225; 226, números 4 e 5; 227, número 1, segundo parágrafo; 229; 231; 232; 233; 234; e capítulos XV e XVII do título II.

Tamén será de aplicación no dito réxime o previsto no último parágrafo do número 2 e no número 4 do artigo 196. Para efectos de determinar o cálculo do complemento a que se refire o número 4 do artigo 196, tomarase en consideración como base mínima de cotización a vixente en cada momento no réxime xeral, calquera que sexa o réxime consonte cuxas normas se recoñeza a pensión de grande invalidez.

2. Sen prexuízo do previsto na Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, e en particular respecto da acción protectora no capítulo IV do título I da dita lei, serán de aplicación ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar as seguintes disposicións desta lei:

a) Aos traballadores por conta allea, o disposto nos artigos 146.4; 151; 152; 153 e capítulos XV e XVII do título II.

b) Aos traballadores por conta propia, o disposto nos artigos 306.2; 308.2; 309; 310; 311 e capítulo XV do título II.»

Vinte e cinco. Engádese unha nova disposición adicional, a vixésimo oitava, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional vixésimo oitava. *Excepción á cobertura obrigatoria de todas as continxencias no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

A cobertura das continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional, por cesamento de actividade e por formación profesional non resultará obrigatoria no caso de socios de cooperativas incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que dispoñan dun sistema intercooperativo de prestacións sociais, complementario ao sistema público, que conte coa autorización da Seguridade Social para colaborar na xestión da prestación económica de incapacidade temporal e outorgue a protección polas citadas continxencias, cun alcance ao menos equivalente ao regulado polo réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.»

Vinte e seis. Engádese unha nova disposición adicional, a vixésimo novena, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional vixésimo novena. *Convenio especial para os afectados pola crise.*

Quen acredite, na data de entrada en vigor da norma regulamentaria que desenvolva esta modalidade de convenio, unha idade entre os 35 e os 43 anos, así como unha lagoa de cotización de ao menos tres anos entre o 2 de outubro de 2008 e o 1 de xullo de 2018, poderá subscribir convenio especial coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social para recuperar un máximo de dous anos no período antes descrito.

Estas cotizacións computarán exclusivamente para os efectos de incapacidade permanente, xubilación e morte e supervivencia, e levaranse a cabo nos termos que se determinen regulamentariamente.»

Vinte e sete. Engádese unha nova disposición adicional, a trixésima, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional trixésima. *Aplicación do novo artigo 249 bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

O disposto nos artigos 151 e 249 bis deste texto refundido, conforme o establecido polo real decreto lei para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, só será de aplicación aos contratos de carácter temporal cuxa duración sexa igual ou inferior a cinco días e cuxa prestación de servizos se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2019.»

Vinte e oito. Modifícase o número 5 da disposición transitoria cuarta, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. Seguirase aplicando a regulación da pensión de xubilación, nas súas diferentes modalidades, requisitos de acceso, condicións e regras de determinación de prestacións, vixentes antes da entrada en vigor da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, ás pensións de xubilación que se causen antes do 1 de xaneiro de 2020, nos seguintes supostos:

a) As persoas cuxa relación laboral se extingue antes do 1 de abril de 2013, sempre que con posterioridade a tal data non volvan quedar incluídas nalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social.

b) As persoas con relación laboral suspendida ou extinguida como consecuencia de decisións adoptadas en expedientes de regulación de emprego, ou por medio de convenios colectivos de calquera ámbito, acordos colectivos de empresa, así como por decisións adoptadas en procedementos concursais, aprobados, subscritos ou declarados con anterioridade ao 1 de abril de 2013, sempre que a extinción ou suspensión da relación laboral se produza con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020.

Será condición indispensable que os indicados acordos colectivos de empresa se encontren debidamente rexistrados no Instituto Nacional da Seguridade Social ou no Instituto Social da Mariña, de ser o caso, no prazo que regulamentariamente se determine.

c) Non obstante, as persoas a que se refiren os números anteriores tamén poderán optar por que se aplique, para o recoñecemento do seu dereito a pensión, a lexislación que estea vixente na data do feito causante dela.»

Vinte e nove. Modifícase a disposición transitoria décimo sexta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria décimo sexta. *Bases e tipos de cotización e acción protectora no sistema especial para empregados de fogar.*

1. Sen prexuízo do establecido na sección segunda do capítulo II do título II desta lei, a cotización á Seguridade Social no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social efectuarase conforme as seguintes regras:

a) Cálculo das bases de cotización:

1.º As bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse consonte a escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar, prevista anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2.º Durante o ano 2020, as retribucións mensuais e as bases de cotización da escala actualizaranse en idéntica proporción ao incremento que experimente o salario mínimo interprofesional.

3.º A partir do ano 2021, as bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse conforme o establecido no artigo 147 desta lei, sen que a cotización poida ser inferior á base mínima que se estableza legalmente.

b) Tipos de cotización aplicables:

1.º Para a cotización por continxencias comúns, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado na alínea a) aplicarase, a partir do 1 de xaneiro de 2019, o tipo de cotización e a súa distribución entre empregador e empregado que se estableza, con carácter xeral, na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado para o réxime xeral da Seguridade Social.

2.º Para a cotización por continxencias profesionais, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado na alínea a) aplicarase o tipo de cotización previsto na tarifa de primas establecidas legalmente, e a cota resultante será por conta exclusiva do empregador.

Desde o ano 2012 até o ano 2020, para efectos de determinar o coeficiente de parcialidade a que se refire a regra a) do artigo 247, aplicable a este sistema especial para empregados de fogar, as horas efectivamente traballadas nel determinaranse en función das bases de cotización a que se refiren os ordinais 1.º e 2.º do punto 1.a) desta disposición, divididas polo importe fixado para a base mínima horaria do réxime xeral pola lei de orzamentos xerais do Estado para cada un dos ditos exercicios.

3. O previsto no artigo 251.a) será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012.

4. Desde o ano 2012 até o ano 2020, para o cálculo da base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns e de xubilación causadas no dito período polos empregados de fogar respecto dos períodos cotizados neste sistema especial, só se terán en conta os períodos realmente cotizados, e non resultará de aplicación o previsto nos artigos 197.4 e 209.1.b).»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

A Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 26 coa redacción que se inclúe a continuación e suprímese o número 3:

«1. A acción protectora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, nos termos e conforme as condicións legalmente previstas, comprenderá, en todo caso:

a) A asistencia sanitaria nos casos de maternidade, enfermidade común ou profesional e accidentes, sexan ou non de traballo.

b) As prestacións económicas nas situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, paternidade, risco durante a lactación, prestación de coidado de nenos con cancro ou outras enfermidades graves, incapacidade permanente, xubilación, morte e supervivencia e familiares por fillo a cargo.

c) Cobertura de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Para os efectos desta cobertura, entenderase por accidente de traballo do traballador autónomo economicamente dependente toda lesión corporal que sufra con ocasión ou por consecuencia da actividade profesional; considerarase tamén accidente de traballo o que sufra o traballador ao ir ou volver do lugar da prestación da actividade, ou por causa ou consecuencia dela. Salvo proba en contrario, presumirase que o accidente non ten relación co traballo cando acontecese fóra do desenvolvemento da actividade profesional de que se trate.

Para o resto de traballadores autónomos e para efectos da mesma cobertura, entenderase por accidente de traballo do traballador autónomo o ocorrido como consecuencia directa e inmediata do traballo que realiza pola súa propia conta e que determina a súa inclusión no campo de aplicación deste réxime especial. Entenderase, para idénticos efectos, por enfermidade profesional a contraída como consecuencia do traballo executado por conta propia que estea provocada pola acción dos elementos e substancias e nas actividades que se especifican na lista de enfermidades profesionais coas relacións das principais actividades capaces de producilas, anexa ao Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.

Tamén se entenderá como accidente de traballo o sufrido ao ir ou ao volver do lugar da prestación da actividade económica ou profesional. Para estes efectos, entenderase como lugar da prestación o establecemento onde o traballador autónomo exerza habitualmente a súa actividade sempre que non coincida co seu domicilio e se corresponda co local, nave ou oficina declarado como afecto á actividade económica para efectos fiscais.»

Dous. O artigo 31 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 31. *Beneficios na cotización á Seguridade Social aplicables aos traballadores por conta propia.*

A cotización á Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos efectuarase da seguinte forma:

1. No caso de que se opte por cotizar pola base mínima que corresponda, poderán beneficiarse dunha redución na cotización por continxencias comúns durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, que consistirá nunha cota única mensual de 60 euros, que comprenderá tanto as continxencias comúns como as continxencias profesionais. Estes traballadores quedan exceptuados de cotizar por cesamento de actividade e por formación profesional. Desa cota de 60 euros, 51,50 euros corresponden a continxencias comúns e 8,50 euros a continxencias profesionais.

2. Alternativamente, aqueles traballadores por conta propia ou autónomos que, cumprindo os requisitos previstos no número anterior, optasen por unha base de cotización superior á mínima que corresponda poderán aplicarse, durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, unha redución do 80 por cento sobre a cotización por continxencias comúns. A cota que se deberá reducir será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente por continxencias comúns.

Con posterioridade ao período inicial de 12 meses previsto nos dous números anteriores, e con independencia da base de cotización elixida, os traballadores por conta propia que disfruten da medida prevista neste artigo poderán aplicarse as seguintes reducións e bonificacións sobre a cota por continxencias comúns. A cota que se deberá reducir ou bonificar será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización vixente en cada momento por continxencias comúns, por un período máximo de até 12 meses, até completar un período máximo de 24 meses tras a data de efectos da alta, segundo a seguinte escala:

- a) Unha redución equivalente ao 50 por cento da cota durante os 6 meses seguintes ao período inicial previsto nos dous primeiros parágrafos deste número.
- b) Unha redución equivalente ao 30 por cento da cota durante os 3 meses seguintes ao período sinalado na letra a).
- c) Unha bonificación equivalente ao 30 por cento da cota durante os 3 meses seguintes ao período sinalado na letra b).

3. Nos supostos en que o traballador por conta propia ou autónomo resida e desenvolva a súa actividade nun municipio en cuxo padrón municipal actualizado ao inicio da actividade consten menos de 5.000 habitantes, unha vez que finalice o período inicial de 12 meses de aplicación dos beneficios na cotización establecidos nos números anteriores, terá dereito durante os 12 meses seguintes a estes mesmos incentivos. Nestes casos non serán de aplicación as reducións e bonificacións para os 12 meses posteriores ao período inicial recollidas no número 2.

Para beneficiarse destas medidas durante os 12 meses seguintes ao período inicial, o traballador por conta propia ou autónomo deberá:

1.º Estar empadroadado nun municipio de menos de 5.000 habitantes, segundo os datos oficiais do padrón en vigor no momento da alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo.

2.º Estar dado de alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou das facendas forais, e que o lugar de desenvolvemento da actividade declarada corresponda a un municipio cuxo padrón municipal sexa inferior a 5.000 habitantes.

3.º Manter a alta na actividade autónoma ou por conta propia no antedito municipio nos dous anos seguintes á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo, así como permanecer empadroadado no mesmo municipio nos catro anos seguintes á dita alta.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará o control desta redución, para o cal o Instituto Nacional de Estatística e as administracións tributarias antes citadas deberán pór á disposición deste servizo común os medios e a información necesarios que permitan comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos para beneficiarse desta redución.

En caso de non cumprir estes requisitos, o traballador por conta propia ou autónomo deberá reintegrar a totalidade das cantidades deixadas de ingresar pola aplicación do incentivo, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que quede acreditado tal incumprimento.

4. No suposto de que os traballadores por conta propia sexan menores de 30 anos, ou menores de 35 anos no caso de mulleres, e causen alta inicial ou non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos poderá aplicarse, ademais dos beneficios na cotización previstos nos números anteriores, unha bonificación adicional equivalente ao 30 por cento, sobre a cota por contingencias comúns, nos 12 meses seguintes á finalización do período máximo de desfrute destes. A cota bonificable será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización por contingencias comúns vixente en cada momento. Neste suposto, a duración máxima do desfrute dos beneficios na cotización será de 36 meses.

5. O período de baixa no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, exixido nos números anteriores para ter dereito aos beneficios na cotización neles previstos en caso de reemprender unha actividade por conta propia, será de 3 anos cando os traballadores autónomos desfrutasen deses beneficios no seu anterior período de alta no citado réxime especial.

6. No suposto de que a data de efectos das altas a que se refiren os números 1 a 4 non coincida co día primeiro do respectivo mes natural, o beneficio correspondente ao dito mes aplicarase de forma proporcional ao número de días de alta nel.

7. O disposto nos números anteriores será tamén de aplicación, cando cumpran os requisitos neles establecidos, aos traballadores por conta propia que queden incluídos no grupo primeiro de cotización do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e aos socios de sociedades laborais, e aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que queden encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, dentro do grupo primeiro de cotización.

8. O previsto no presente artigo resultará de aplicación mesmo cando os beneficiarios desta medida, unha vez iniciada a súa actividade, empreguen traballadores por conta allea.

9. As bonificacións de cotas previstas neste artigo financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e as reducións de cotas soportaranas o orzamento de ingresos da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, respectivamente.

10. Os beneficios nas cotizacións previstos neste artigo consistirán nunha bonificación no suposto de traballadores por conta propia ou autónomos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 105 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e a dita bonificación aplicarase nos mesmos termos que os incentivos previstos nos números 1 a 3, con dereito, así mesmo, á bonificación adicional mencionada no número 4.

11. Unha vez que finalice o período máximo de desfrute dos beneficios de cotización recollidos neste artigo, procederá a cotización por todas as continxencias protexidas a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza esa finalización.»

Tres. Engádesse un novo artigo 31 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 31 bis. *Beneficios na cotización á Seguridade Social aplicables aos traballadores por conta propia agrarios.*

A cotización á Seguridade Social dos traballadores por conta propia agrarios incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contado desde a data de efectos da alta no dito sistema especial, efectuarase da seguinte forma:

1. No caso de que se opte por cotizar pola base mínima que corresponda, poderán beneficiarse dunha redución na cotización por continxencias comúns durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, que consistirá nunha cota única mensual de 50 euros, correspondente a continxencias comúns, e quedarán estes traballadores exceptuados de cotizar por cesamento de actividade e formación profesional.

2. Alternativamente, aqueles traballadores por conta propia agrarios que, cumprindo os requisitos previstos no número anterior, optasen por unha base de cotización superior á mínima que corresponda poderán aplicarse durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, unha redución do 80 por cento sobre a cotización por continxencias comúns. A cota reducible será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente por continxencias comúns.

Con posterioridade ao período inicial de 12 meses previsto nos dous números anteriores e con independencia da base de cotización elixida, os traballadores por conta propia agrarios que desfruten da medida prevista neste artigo poderán aplicarse as seguintes reducións e bonificacións sobre a cota por continxencias comúns. A cota reducible ou bonificable será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización vixente en cada momento por continxencias comúns, por un período máximo de até 12 meses, até completar un período máximo de 24 meses tras a data de efectos da alta, segundo a seguinte escala:

- a) Unha redución equivalente ao 50 por cento da cota durante os 6 meses seguintes ao período inicial previsto nos dous primeiros parágrafos deste número.
- b) Unha redución equivalente ao 30 por cento da cota durante os 3 meses seguintes ao período sinalado na letra a).
- c) Unha bonificación equivalente ao 30 por cento da cota durante os 3 meses seguintes ao período sinalado na letra b).

3. Nos supostos en que o traballador por conta propia agrario resida e desenvolva a súa actividade nun municipio en cuxo padrón municipal actualizado ao inicio da actividade consten menos de 5.000 habitantes, finalizado o período inicial de 12 meses de aplicación dos beneficios na cotización establecidos nos números

anteriores, terá dereito durante os 12 meses seguintes a estes mesmos incentivos. Nestes casos non serán de aplicación as reducións e bonificacións para os 12 meses posteriores ao período inicial recollidas no número 2.

Para beneficiarse destas medidas durante os 12 meses seguintes ao período inicial, o traballador por conta propia agrario deberá:

1.º) Estar empadroadado nun municipio de menos de 5.000 habitantes, segundo os datos oficiais do padrón en vigor no momento da alta no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo.

2.º) Estar dado de alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou das facendas forais, e que o lugar de desenvolvemento da actividade declarada corresponda a un municipio cuxo padrón municipal sexa inferior a 5.000 habitantes.

3.º) Manter a alta na actividade autónoma ou por conta propia no antedito municipio nos dous anos seguintes á alta no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo, así como permanecer empadroadado no mesmo municipio nos catro anos seguintes á dita alta.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará o control desta redución, para o cal o Instituto Nacional de Estatística e as administracións tributarias antes citadas deberán pór á disposición deste servizo común os medios e a información necesarios que permitan comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos para beneficiarse desta redución.

En caso de non cumprir eses requisitos, o traballador por conta propia agrario deberá reintegrar a totalidade das cantidades deixadas de ingresar pola aplicación do incentivo, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que quede acreditado tal incumprimento.

4. No suposto de que os traballadores por conta propia agrarios sexan menores de 30 anos, ou menores de 35 anos no caso de mulleres, e causen alta inicial ou non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios poderán aplicarse, ademais dos beneficios na cotización previstos nos números anteriores, unha bonificación adicional equivalente ao 30 por cento, sobre a cota por continxencias comúns, nos 12 meses seguintes á finalización do período máximo de desfrute destes. A cota bonificable será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización por continxencias comúns vixente en cada momento. Neste suposto, a duración máxima do desfrute dos beneficios na cotización será de 36 meses.

5. O período de baixa no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, exixido nos números anteriores para ter dereito aos beneficios na cotización neles previstos en caso de reemprender unha actividade por conta propia, será de 3 anos cando os traballadores autónomos desfrutasen de tales beneficios no seu anterior período de alta no citado réxime especial.

6. No suposto de que a data de efectos das altas a que se refiren os números 1 a 4 non coincida co día primeiro do respectivo mes natural, o beneficio correspondente ao dito mes aplicarase de forma proporcional ao número de días de alta nel.

7. O previsto no presente artigo resultará de aplicación mesmo cando os beneficiarios desta medida, unha vez iniciada a súa actividade, empreguen traballadores por conta allea, dentro dos límites previstos no artigo 324 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

8. As bonificacións de cotas previstas neste artigo financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e as reducións de cotas soportaranas o orzamento de ingresos da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, respectivamente.

9. Os beneficios nas cotizacións previstos neste artigo consistirán nunha bonificación no suposto de traballadores por conta propia ou autónomos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 105 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. A dita bonificación aplicarase nos mesmos termos que os incentivos previstos nos números 1 a 3 e con dereito, así mesmo, á bonificación adicional recollida no número 4.

10. Finalizado o período máximo de desfrute dos beneficios de cotización previstos neste artigo, procederá a cotización por todas as contingencias protexidas a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza esa finalización.»

Catro. O artigo 32 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 32. *Beneficios na cotización á Seguridade Social para as persoas con discapacidade, inicial ou sobrevida, vítimas de violencia de xénero e vítimas do terrorismo que se establezan como traballadores por conta propia.*

A cotización á Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, vítimas de violencia de xénero e vítimas de terrorismo que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos efectuarase da seguinte forma:

1. No caso de que se opte por cotizar pola base mínima que corresponda, poderán beneficiarse dunha redución sobre a cotización por contingencias comúns durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, que consistirá nunha cota única mensual de 60 euros, que comprenderá tanto as contingencias comúns como as contingencias profesionais, e quedarán estes traballadores exceptuados de cotizar por cesamento de actividade e por formación profesional. Desa cota de 60 euros, 51,50 euros corresponden a contingencias comúns e 8,50 euros, a contingencias profesionais.

2. Alternativamente, aqueles traballadores por conta propia ou autónomos que, cumprindo os requisitos previstos no número anterior, optasen por unha base de cotización superior á mínima que corresponda poderán aplicarse durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta unha redución do 80 por cento sobre a cota por contingencias comúns. A cota que se reducirá será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización por contingencias comúns vixente en cada momento.

Con posterioridade ao período inicial de 12 meses previsto nos dous números anteriores e con independencia da base de cotización elixida, os traballadores por conta propia que desfruten da medida prevista neste artigo poderán aplicarse unha bonificación sobre a cota por contingencias comúns. A cota bonificable será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o 50 por cento do resultado de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización por contingencias comúns vixente en cada momento, por un período máximo de até 48 meses até completar un período máximo de 5 anos tras a data de efectos da alta.

3. Nos supostos en que o traballador por conta propia ou autónomo resida e desenvolva a súa actividade nun municipio en cuxo padrón municipal actualizado ao inicio da actividade consten menos de 5.000 habitantes, finalizado o período inicial de 12 meses de aplicación dos beneficios na cotización establecidos nos números anteriores, terá dereito durante os 12 meses seguintes a estes mesmos incentivos. Nestes casos, a aplicación da bonificación polo 50 por cento, prevista no número anterior, aplicarase unha vez transcorridos os 24 meses iniciais, durante un período máximo de até 36 meses até completar un período máximo de 5 anos desde a data de efectos da alta.

Para beneficiarse destas medidas durante os 12 meses seguintes ao período inicial, o traballador por conta propia ou autónomo deberá:

1.º Estar empadroado nun municipio de menos de 5.000 habitantes, segundo os datos oficiais do padrón en vigor no momento da alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo.

2.º Estar dado de alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou das facendas forais, e que o lugar de desenvolvemento da actividade declarada corresponda a un municipio cuxo padrón municipal sexa inferior a 5.000 habitantes.

3.º Manter a alta na actividade autónoma ou por conta propia no antedito municipio nos dous anos seguintes á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo, así como permanecer empadroado no mesmo municipio nos catro anos seguintes á dita alta.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará o control desta redución para o cal o Instituto Nacional de Estatística e as administracións tributarias antes citadas deberán pór á disposición deste servizo común os medios e a información necesarios que permitan comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos para beneficiarse desta redución.

En caso de non cumprir estes requisitos, o traballador por conta propia ou autónomo deberá reintegrar a totalidade das cantidades deixadas de ingresar pola aplicación do incentivo, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que quede acreditado tal incumprimento.

4. O período de baixa no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, exixido nos números anteriores para ter dereito aos beneficios na cotización neles previstos en caso de reemprender unha actividade por conta propia, será de 3 anos cando os traballadores autónomos disfrutasen deses beneficios no seu anterior período de alta no citado réxime especial.

5. No suposto de que a data de efectos das altas a que se refiren os números 1 a 3 non coincida co día primeiro do respectivo mes natural, o beneficio correspondente ao dito mes aplicarase de forma proporcional ao número de días de alta nel.

6. O disposto nos números anteriores será tamén de aplicación, cando cumpran os requisitos neles establecidos, aos traballadores por conta propia que queden incluídos no grupo primeiro de cotización do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e aos socios de sociedades laborais, e aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que queden encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, dentro do grupo primeiro de cotización.

7. O previsto no presente artigo resultará de aplicación mesmo cando os beneficiarios desta medida, unha vez iniciada a súa actividade, empreguen traballadores por conta allea.

8. As bonificacións de cotas previstas neste artigo financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e as reducións de cotas soportaranas o orzamento de ingresos da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, respectivamente.

9. Finalizado o período máximo de disfrute dos beneficios de cotización recollidos neste artigo, procederá a cotización por todas as continxencias protexidas a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza esa finalización.

10. O disposto neste artigo será tamén de aplicación, á opción dos interesados, nos supostos de traballadores autónomos aos cales, estando de alta neste réxime especial, lles sobreveña unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento.

En tal caso, a aplicación das medidas previstas neste artigo producirase a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que tal elección se realice.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 32 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 32 bis. *Beneficios na cotización á Seguridade Social para as persoas con discapacidade, inicial ou sobrevida, vítimas de violencia de xénero e vítimas do terrorismo que se establezan como traballadores por conta propia incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.*

A cotización á Seguridade Social dos traballadores por conta propia agrarios incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, vítimas de violencia de xénero e vítimas de terrorismo que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta no dito sistema especial, efectuarase da seguinte forma:

1. No caso de que se opte por cotizar pola base mínima que corresponda, poderán beneficiarse dunha redución na cotización por continxencias comúns durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, que consistirá nunha cota única mensual de 50 euros, correspondente a continxencias comúns, e quedarán estes traballadores exceptuados de cotizar por cesamento de actividade e formación profesional.

2. Alternativamente, aqueles traballadores por conta propia agrarios que, cumprindo os requisitos previstos no número anterior, optasen por unha base de cotización superior á mínima que corresponda poderán aplicarse durante os 12 primeiros meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta unha redución do 80 por cento sobre a cotización por continxencias comúns. A cota que se reducirá será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente por continxencias comúns.

Con posterioridade ao período inicial de 12 meses previsto nos dous números anteriores e con independencia da base de cotización elixida, os traballadores por conta propia que disfruten da medida prevista neste artigo poderán aplicarse unha bonificación sobre a cota por continxencias comúns. A cota bonificable será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o 50 por cento do resultado de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización por continxencias comúns vixente en cada momento, por un período máximo de até 48 meses, até completar un período máximo de 5 anos tras a data de efectos da alta.

3. Nos supostos en que o traballador por conta propia agrario resida e desenvolva a súa actividade nun municipio en cuxo padrón municipal actualizado ao inicio da actividade consten menos de 5.000 habitantes, finalizado o período inicial de 12 meses de aplicación dos beneficios na cotización establecidos nos números anteriores terá dereito durante os 12 meses seguintes a estes mesmos incentivos. Nestes casos, a aplicación da bonificación polo 50 por cento, prevista no número anterior, aplicarase unha vez transcorridos os 24 meses iniciais, durante un período máximo de até 36 meses, até completar un período máximo de 5 anos desde a data de efectos da alta.

Para beneficiarse destas medidas durante os 12 meses seguintes ao período inicial, o traballador por conta propia agrario deberá:

1.º) Estar empadroado nun municipio de menos de 5.000 habitantes, segundo os datos oficiais do padrón en vigor no momento da alta no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo.

2.º) Estar dado de alta no Censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou das facendas forais, e que o lugar de desenvolvemento da actividade declarada corresponda a un municipio cuxo padrón municipal sexa inferior a 5.000 habitantes.

3.º) Manter a alta na actividade autónoma ou por conta propia no antedito municipio nos dous anos seguintes á alta no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que causa o dereito ao incentivo recollido neste artigo, así como permanecer empadroado no mesmo municipio nos catro anos seguintes á dita alta.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará o control desta redución, para o cal o Instituto Nacional de Estatística e as administracións tributarias antes citadas deberán pór á disposición deste servizo común os medios e a información necesarios que permitan comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos para beneficiarse desta redución.

En caso de non cumprir estes requisitos, o traballador por conta propia agrario deberá reintegrar a totalidade das cantidades deixadas de ingresar pola aplicación do incentivo, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que quede acreditado tal incumprimento.

4. O período de baixa no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios exixido nos números anteriores para ter dereito aos beneficios na cotización neles previstos en caso de reemprender unha actividade por conta propia, será de 3 anos cando os traballadores autónomos agrarios desfrutasen deses beneficios no seu anterior período de alta no citado sistema especial.

5. No suposto de que a data de efectos das altas a que se refiren os números 1 a 4 non coincida co día primeiro do respectivo mes natural, o beneficio correspondente ao dito mes aplicarase de forma proporcional ao número de días de alta nel.

6. O previsto no presente artigo resultará de aplicación mesmo cando os beneficiarios desta medida, unha vez iniciada a súa actividade, empreguen traballadores por conta allea, dentro dos límites previstos no artigo 324 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

7. As bonificacións de cotas previstas neste artigo financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e as reducións de cotas serán soportadas polo orzamento de ingresos da Seguridade Social e polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, respectivamente.

8. Finalizado o período máximo de disfrute dos beneficios de cotización recollidos neste artigo, procederá a cotización por todas as contingencias protexidas a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza esa finalización.

9. O disposto neste artigo será tamén de aplicación, á opción dos interesados, nos supostos de traballadores autónomos aos cales, estando de alta neste réxime especial, lles sobreveña unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento.

En tal caso, a aplicación das medidas previstas neste artigo producirase a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que tal elección se realice.»

Seis. Modifícase o artigo 38 bis nos seguintes termos:

«Artigo 38 bis. *Bonificacións ás traballadoras autónomas que se reincorporen ao traballo en determinados supostos.*

As traballadoras incluídas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou como traballadoras por conta propia no grupo primeiro de cotización do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar que, tras cesar a súa actividade por maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento e tutela, nos termos legalmente establecidos, volvan realizar unha actividade por conta propia dentro dos dous anos inmediatamente seguintes á data efectiva do cesamento terán dereito a unha bonificación en virtude da cal a súa cota por continxencias comúns e continxencias profesionais quedará fixada na contía de 60 euros mensuais durante os 12 meses inmediatamente seguintes á data da súa reincorporación ao traballo, sempre que opten por cotizar pola base mínima establecida con carácter xeral no réxime especial que corresponda por razón da actividade por conta propia.

Aquelas traballadoras por conta propia ou autónomas que, cumprindo cos requisitos anteriores, optasen por unha base de cotización superior á mínima indicada no parágrafo anterior poderán aplicarse durante o período antes indicado unha bonificación do 80 por cento sobre a cotización por continxencias comúns. A cota que se reducirá será a resultante de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo de cotización por continxencias comúns vixente en cada momento.»

Sete. Suprímese o número 2 da disposición adicional terceira.

Oito. Suprímese o segundo parágrafo da disposición adicional cuarta.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

O texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo número 16 ao artigo 22, coa seguinte redacción:

«16. Comunicar a baixa nun réxime da Seguridade Social de traballadores por conta allea pese a que continúen a mesma actividade laboral ou manteñan idéntica prestación de servizos, servíndose dunha alta indebida nun réxime de traballadores por conta propia. Para estes efectos, considerarase unha infracción por cada un dos traballadores afectados.»

Dous. Modifícase o artigo 40.1.e).1 nos seguintes termos:

«e) As infraccións sinaladas nos artigos 22.2, 22.7.a), 22.16 e 23.1.a) sancionaranse:

1. A infracción grave dos artigos 22.2, 22.7.a) e 22.16 sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, do 3.126 a 6.250 euros; no seu grao medio, de 6.251 a 8.000 euros e, no seu grao máximo, de 8.001 a 10.000 euros.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2019 e vixencia indefinida, modifícase a disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007, que queda redactada como segue:

«Un. A cotización á Seguridade Social dos empresarios, calquera que sexa o réxime de encadramento e, de ser o caso, dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial de traballadores do mar e no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais levarase a cabo, a partir do 1 de xaneiro de 2019, en función da correspondente actividade económica, ocupación ou situación, mediante a aplicación da seguinte tarifa:

TARIFA PARA A COTIZACIÓN POR ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS

Cadro I		Tipos de cotización		
Códigos CNAE-2009 e título da actividade económica		IT	IMS	Total
